Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XV - Nº 169. Febreiro 2020. Distribución gratuíta

CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
Deputación DA CORUÑA

Contigo somos, contigo seremos nova campaña de Asetem - CCA

Trátase dunha iniciativa posta en marcha en colaboración co Museo da Terra de Melide, a Unidade Pastoral e o Concello de Melide e coa que se pretende, ademais de fomentar o comercio de proximidade, dar a coñecer o patrimonio histórico local. Durante os vindeiros meses os comercios participantes repartirán imaxes do Melide antigo con cada compra para coleccionar. Completado o álbum realizarase un sorteo con atractivos premios. P3



MELIDE
Recollen firmas de novo para que arranxen a zona da rúa Camiño Vello de Santiago P9

MELIDE
Fomento avala canalizar as augas do polígono ata a EDAR P10

COMARCA
Rouban distintos obxectos da asociación O Noso Lar de Visantoña P14

ENTREVISTA



Esther Costoya e Manuel Varela
Traspome Muebles Paula
P23

Rematan a remodelación do cantón de San Roque



Medio Ambiente e Concello de Melide deron por finalizadas as obras coa apertura do parque infantil. Nos traballos investíronse un total de 466.000 euros. P11

O servizo de casa niño, unha realidade para Toques



A casa niño ten previsto abrir as súas portas este mesmo mes de febreiro e xa conta con cinco familias do municipio interesadas nos seus servizos. P13

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

30 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Unha pequena vitoria

Nunca un dito como o de "a realidade supera amplamente a ficción" foi tan certo. Nin os mellores cómicos deste país serían capaces de elaborar un sketch tan surrealista como o acontecido nos últimos meses co paridoiro do hospital de Verín.



Primeiro a Xunta decide pechalo alegando "criterios médicos e de seguridade" –como especialistas que son na materia e preocupados sempre pola seguridade das persoas en vez de por criterios económicos– para acto seguido recuar poucos meses máis tarde e reabrilo coa contratación de dous pediatras; en vez de contratalos nun primeiro momento e evitar o malestar social, as protestas por toda Galicia e o bochorno de que unha parte do Partido Popular pedise o mantemento deste servizo ao mesmo tempo que outra parte do PP votaba en contra da súa reapertura.

Pois iso: ridículo, vergoñento... ou con outras palabras, unha xestión ineficaz que, ao fin de contas, é o principal problema da política actual; a falta de xestores eficientes e non como ocorreu neste caso no hospital de Verín, a falta de pediatras.

Pero ollo que lonxe de avergonzarse das súas propias decisións e pedir desculpas á cidadanía aínda sacan peito como se nada pasase, dicindo sentirse "satisfeitos" coa continuación dun servizo que funcionaba ata que eles mesmos suprimiron e que logo a presión popular obrigou a restaurar.

Son numerosos os profesionais médicos de recoñecido prestixio que hai no noso país e moitos outros que están empezando, iso ninguén o pon en dúbida, pero en ambos casos teñen en común a falta de oportunidades para desenvolver aquí a súa carreira profesional véndose obrigados en ocasións a facelo no estranxeiro. E que fan para solucionar este problema os grandes xestores que nos gobernan? Suprimir servizos e, en último caso, recuar en vez de tratar de reter aquí ese talento. En catro palabras: desmantelamento da sanidade pública. E falamos de sanidade pero poderiamos aplicar o desmantelamento a calquera outro sector.

O caso é que esta pequena vitoria da cidadanía é só iso, unha pequena vitoria, pero non unha guerra gañada, e mostra diso foi a gran manifestación en defensa da sanidade pública galega celebrada o pasado 9 de febreiro en Santiago de Compostela. Con máis forza que nunca debemos seguir pelexando contra o deterioro da atención primaria e contra o desmantelamento e o peche de servizos nos hospitais públicos. É preciso rematar coa precariedade do persoal que se ve abocado a prestar unha atención moitas veces limitada e saturada; e en definitiva debemos seguir loitando contra a privatización encuberta que se está a facer do sistema público sanitario.

De non facelo acabaremos pagando caras as consecuencias... e o servizo.

Tribuna de opinión

Temos moito que dicir

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Santiago acolleu recentemente unha reunión de xerentes de Centros Comerciais Abertos de Galicia, na que tamén participou Asetem, e que serviu para trasladarlle á Dirección Xeral de Comercio, e á propia Xunta, diferentes peticións relacionadas co sector e tamén, porque non dicilo así, o malestar coa situación actual do pequeno empresariado e a forma de xestionar certas axudas que concede a administración autonómica.

Todos e todas escoitamos algunha vez que o pequeno comercio agoniza, que sen comercio local e de proximidade o noso barrio estaría morto, pero máis alá do que podemos facer nós como usuarios pola súa supervivencia, que fai a administración?

Se ben é certo que dende a Xunta se reparten diferentes cantidades económicas en axudas todos os anos, é o seu obxecto de destino o que centra as críticas de xerentes e comerciantes. Non se trata de dar máis diñeiro, senón de saber xestionar o que se reparte actualmente, como ocorre por exemplo coas redes sociais. Non sería mellor que o propio Centro Comercial Aberto xestionase a súa imaxe en Internet, que para iso coñece a cada socio e ten contacto directo con el día tras día, en vez de contratar a unha empresa externa que nada ten que ver co CCA pero que así o determinan as condicións da axuda? Non estaría mellor empregado ese diñeiro nunha campaña directa de promoción do comercio local? Ou na creación dun posto de emprego?

Por non falar do que fai a administración en relación ás vendas por Internet. Sabemos que son o futuro, pero tamén somos conscientes de que afogan ao comercio local xa que é imposible facerlle fronte en termos competitivos. Entón, porque non se gravan cun imposto ao medio ambiente por exemplo? Comprar por Internet contamina máis que mercar na tenda do teu barrio, e sen embargo semella que neste caso a ninguén lle preocupa.

Neste senso, a creación da asociación galega de xerentes de zonas comercias abertas, constituída nesta última reunión, abre unha pequena porta á esperanza para poder poñer sobre a mesa todas estas problemáticas e realidades. Esperemos polo tanto que, dunha vez por todas, sexamos capaces de frear entre todos a sangría que vive o comercio local. Do contrario, acabaremos sendo unha asociación máis que se une a tantas outras xa existentes e que tratan de reactivar a economía, pero que nada conseguen máis que seguir recibindo subvencións ineficaces. Oxalá e desta vez as nosas peticións sexan de verdade escoitadas e realmente atendidas, porque temos moito que dicir.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Antonio Díaz,
Alumnado do IES Melide
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....9
- COMARCA.....13
- CULTURA E LECER 18
- COLABORACIÓNS.....21
- ENTREVISTA.....23

Contigo somos, contigo seremos, nova campaña de Asetem

Preténdese difundir o patrimonio histórico de Melide ao tempo que se fomenta o comercio local



Xosé Manuel Broz, director do Museo de Melide; Pilar López, xerente de Asetem-CCA; Rodrigo Fernández, vicepresidente de Asetem - CCA; e Xosé Igrexas, concelleiro de Comercio na presentación da campaña, e primeiras imaxes do Melide histórico que se distribuirán para coleccionar



Que o sector do comercio non atravesa o seu mellor momento é unha realidade, por iso a busca continua de ideas, proxectos e accións que permitan a súa dinamización. Nese empeño, Asetem – Centro Comercial Aberto acaba de poñer en marcha a campaña *Contigo somos, contigo seremos* coa que pretende, entre outros obxectivos, "fidelizar aos clientes habituais á vez que se atrae a outros novos, fomentar a vocación emprendedora en torno ao comercio na vila e comarca, e promover o patrimonio histórico local".

Para iso, a primeira acción a desenvolver será unha campaña que terá continuidade durante varios meses, e que consistirá no reparto de cromos adhesivos por parte dos establecementos asociados. "Serán cromos onde aparecerán imaxes antigas e históricas de Melide que foron cedidas polo museo da Terra de Melide, e que serán entregados aos clientes con cada compra para que poidan ir coleccionándoos nun álbum ao longo de todo o ano", explicou a xerente de Asetem - CCA, Pilar López. "Grazas á colaboración do museo da Terra de Melide mesturamos tradición é comercio, e poñemos o foco en que o comercio foi un dos eixes condutores da nosa vila, que o segue sendo e que o será durante moito tempo", engadiu.

Deste xeito, dende este mesmo mes de febreiro os establecementos asociados a Asetem-CCA que participan na campaña xa reparten as fotografías adhesivas con cada compra. "A dinámica é sinxela, ti vas a mercar e danche un cromo no que aparece unha imaxe antiga de Melide para coleccionar, ademais neste primeiro mes repartiranse 4 cromos distintos, e logo cada mes sairán imaxes novas".

Será despois de Semana Santa cando se porá a disposición dos clientes un álbum para que poidan ir completando a colección. Cumpre sinalar que o álbum terá un custo simbólico nunca superior a un euro. "O que pretendemos é que por ese prezo simbólico o cliente que se faga cun álbum é porque de verdade desexa facer a colección e participar na campaña, non para amontoar papel na súa casa e pedir un coleccionable cada vez que vai á tenda".

Un gran premio final que vale por dous

Unha vez rematada a campaña, que contará con entre 38 e 40 cromos en total, as persoas que posúan o álbum completo entrarán no sorteo dun gran premio. "Rematar o álbum xa é de por si un premio, porque teremos entre mans unha fermosa recompilación de fotografías do Melide de antes, da nosa historia e do noso patrimonio como pobo –explicou a xerente– pero é que ademais, todas aquelas persoas que o completen entrarán no sorteo dun gran premio que tanto podería ser unha viaxe para dúas persoas como un importante vale de compra".

E cando se celebrará o sorteo? Pois no mes de novembro coincidindo coa posta en marcha da outra gran iniciativa ligada a esta campaña: o mes do comercio. "No mes de novembro celebraremos por primeira vez o mes do comercio e durante todo o mes organizaremos actividades que dun xeito ou doutro estarán orientadas e relacionadas co sector; será aí cando terá lugar o sorteo no que participarán todas as persoas que completaron o álbum", destacou Pilar López.

Colaboración entre institucións

Para a realización desta campaña o colectivo de empresarios conta coa colaboración do Concello de Melide, o museo da Terra de Melide e a Unidade Parroquial. Xosé Manuel Broz, director do museo melidense, non dubidou en catalogar a proposta como "extraordinaria e unha fermosa maneira de comezar o ano".

Durante os próximos meses as actividades que desenvolve Asetem – CCA continuarán tanto con proxectos que viñan funcionando habitualmente, como con accións novas que perseguen a finalidade de "traer un aire fresco a aquelas persoas que confían no comercio de proximidade".



Asetem - CCA entrega os premios da campaña de Nadal



Virginia Mato, de xoiería Oro Ley, entregou o premio reserva de 1.000 euros a Ana Belén Seijas Barreiro



Ramón Vidal, de Librería Cousas, co gañador Óscar Pérez Ramil



Ramón Rodríguez Varela recolleu o premio de mans de Mercedes Balado, de Electricidade Vilela



José Manuel Silvela, de Xoiería Silvela, entregando o premio a Vanesa Cabado Ferreiro



David Pájaro, de Juifi, co gañador Jesús Sánchez Fernández



María Jesús Garea Penas, de Melide, recibiu o premio de mans da xerente de Asetem-CCA, Pilar López

Rematado o prazo para que aparecesen os afortunados ou afortunadas no sorteo de Nadal de Asetem Centro Comercial Aberto, comerciantes e premiados pasaron polas oficinas da entidade para oficializar a entrega dos vales de compra. Foi a comezos do mes de febreiro cando de mans de cada un dos responsables das tendas e comercios nos que recaeron os premios, e da xerente de Asetem-CCA, Pilar López, un por un foron recollendo o seu premio. Nesta vixésimo primeira edición repartíronse un total de 6.200 euros aínda que finalmente quedaron dous premios desertos: o maior deles, de 2.000 euros (cuxo número principal se repartiu en Laia Zapateiros e o reserva en Parafarmacia O Cantón), e outro de 500 euros (con número principal en Supermercados Gómez-Covirán e reserva en xoiería Oro Ley). Como curiosidade destacar tamén que pese a non aparecer o número titular dun premio de 1.000 euros (repartido en Librería Victorio), si apareceu o seu reserva entregado en xoiería Oro Ley. Os afortunados, que contan cun prazo de 15 días dende a recepción do premio para gastar os seus vales, deberán facelo no comercio de Melide, que recibirá deste xeito unha pequena inxección económica.

casa alongos

"COCIÑA con CORAZÓN"

Camiño Vello de Santiago (MELIDE)
www.casaalongos.com / info@casaalongos.com
Tfno.: 981 506 392 · Móbiles.: 619 229 334 / 686 312 851

Á parte da carta habitual temos:

- Cocido TODOS OS DOMINGOS
- Menú TODOS OS DÍAS

- Tamén admitimos reservas
- Presupostos para grupos
- Configuración personalizada do teu menú
- Chámanos ou tamén por enderezo electrónico

Nace a asociación de xerentes de CCAs, da que Asetem forma parte



A.X.

Xerentes de centros comerciais abertos e mercados de abastos de toda Galicia veñen de poñer en marcha un novo colectivo, a Asociación Galega de Xerentes de Centros Comerciais Abertos e de Zonas Comercias Urbanas, na que están integrados o 90% dos 52 CCAs existentes na comunidade autónoma, entre eles Asetem-CCA.

Segundo explicou o seu presidente, Yonathan Carreira, xerente do CCA Estrela de Marín, a crítica situación pola que está pasando o comercio de proximidade é o que motivou aos xerentes a crear un novo colectivo que lles permita traballar conxuntamente como elementos vertebradores do tecido comercial e implementadores das políticas da Xunta de Galicia, poñendo en común as súas experiencias nas diferentes localidades.

A través desta organización, os xerentes exporán ademais novas liñas de traballo ás administracións para actualizar e dinamizar as liñas de axuda vixentes adaptándoas á realidade actual, "tratando de facelas así un pouco máis eficaces", engadiu Pilar López, xerente de Asetem-CCA.

Á reunión constitutiva, que tivo lugar en Santiago a finais de xaneiro, acudiu de xeito informal o secretario xeral de Economía, Emprego e Industria, Borja Verea, con quen se quere establecer un novo marco de traballo que permita "a dinamización real dun sector para o que cada vez se abren máis frontes".

Cursos de fitosanitarios, PRL e manexo de carretilla elevadora en Asetem

A Asociación de Empresarios Terra de Melide ten preparados varios cursos para os vindeiros meses nos que aínda quedan prazas dispoñibles.

Así por exemplo, no mes de febreiro está prevista a realización do curso de aplicación de produtos fitosanitarios e, en datas próximas, as formacións en Prevención de Riscos Laborais nivel básico para construción e metal, Manexo de carretilla elevadora, e Manexo de plataformas elevadoras.

Como aínda quedan prazas vacantes en todos o horario tamén está por determinar, pero dende Asetem xa apuntaron a que se farán fóra do horario laboral para que todas as persoas interesadas poidan asistir.

Poden inscribirse tanto socios como non socios de Asetem e tamén xente desempregada ou nas listas do paro. Para anotarse poden facelo a través do número de teléfono 981 50 61 88 ou ben a través do correo electrónico info@asetem.com.

Os cursos, que se desenvolverán nas instalacións de Asetem-CCA, estarán impartidos por persoal cualificado e darán acceso a un título oficial.

Asetem ultima os detalles dun novo desfile que se celebrará o 18 de abril

Xa hai data para a celebración dunha nova edición da pasarela de Asetem-CCA, *Melide Está de Moda*, que neste ano contará cunha única edición, a de primavera – verán. Será o sábado 18 de abril ás 18.00 horas na Casa da Cultura de Melide. As tendas participantes que queiran anotarse deberán confirmar a súa asistencia antes do día 2 de marzo. En canto aos ensaios, estes levaranse a cabo os días 16, 17 e 18 de abril.

POR SER DE XUSTIZA

A prescrición das débedas no ano 2020



Eva Novás
Avogada

O día 7 de outubro de 2015 entrou en vigor a Lei 42/2015 que, entre outras normas, veu a modificar as referidas á prescrición das débedas, acurtando os prazos e beneficiando con esta reforma ós debedores, en coherencia co regulado pola Lei de Segunda Oportunidade para as persoas físicas, deseñada para que os debedores persoas físicas de boa fe dispoñan dun mecanismo que lles permita diminuír a carga das débedas ás que non poden facer fronte e incluso quedar exonerados delas.

O cambio foi realmente importante e moitas accións de reclamación viron reducido á terceira parte o prazo para poder exercitalas: do prazo xeral de quince anos pasaron a tan só cinco anos, a partir da entrada en vigor da lei o 7 de outubro de 2015. En concreto, despois da modificación a lei establece que as accións persoais que non teñan un prazo especial prescriben ós cinco anos dende que poida esixirse o cumprimento da obrigación.

Este novo e reducido prazo ten unha importante repercusión na práctica e non estar atentos a el pode supoñer que moitos acredores se vexan privados de forma definitiva da posibilidade de reclamar xudicialmente as súas débedas. Deste xeito, as débedas contraídas despois do 7 de outubro de 2015 pasan a ter un prazo de prescrición de tan só cinco anos, que comezará a contar desde que poida esixirse ó debedor o seu cumprimento.

Quedan en situación máis urxente as débedas que son máis antigas. En concreto, todas aquelas débedas que se contraeran entre o día 7 de outubro de 2005 e ata o día 7 de outubro de 2015, prescribirán este mesmo ano, o 7 de outubro de 2020.

Dise que unha débeda vella é unha débeda morta, porque o tempo nestes casos só favorece a quen non paga. Para que este dito non se faga certo a única forma de interromper o cómputo deste prazo de prescrición e revivir a débeda consiste en reclamala de xeito fiable e acreditado. Pódese facer de maneira extraxudicial, requiríndolle ó debedor o pago da cantidade mediante un medio que nos deixe constancia desa reclamación. Así evitaremos que, chegado o momento, o debedor poida liberarse de forma definitiva de pagar alegando que está prescrita. Existen diferentes vías se ben unha das máis habituais e segura é o envío dun burofax, por ser un medio escrito que nos permitirá probar e documentar a data da reclamación, a recepción polo destinatario e o contido ou texto enviado.

É moi importante revisar o antes posible todas as facturas, albarás, recoñecementos, escrituras, contratos e calquera outra documentación referida a cantidades e débedas que teñamos pendentes de cobro, verificar a data na que se contraeron e iniciar o antes posible a súa reclamación. De non ser así, en tan só uns meses verémonos totalmente privados da posibilidade de reclamalas xudicialmente, por ter prescrito a acción.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Teléfono: 662 30 26 18

Mercamelide pecha a edición de inverno cun balance positivo





"Unha feira que sempre compensa", así podería resumirse o balance deste último Mercamelide de inverno celebrado os pasados 8 e 9 de febreiro no palacio de Congresos de Melide. A xerente de Asetem Centro Comercial Aberto, Pilar López, destacou a "boa xornada de compras que se produciu o sábado" para dar paso o domingo a un día máis relaxado en canto a vendas pero "de maior afluencia de público".

Na liña de edicións anteriores, a feira de oportunidades Mercamelide adoita ser unha boa ocasión para poñer en circulación os stocks dos comerciantes a un prezo atractivo; especialmente na súa edición de inverno. Roupa, calzado, electrodomésticos e moitos outros produtos acadan descontos que nalgún caso poden chegar a ser de ata o 70%.

"Ademais, ofrecer unha alternativa de ocio para os máis pequenos semella que sempre favorece a concorrencia de máis xente", destacou Pilar López. Así, na xornada do sábado os máis cativos puideron gozar co espectáculo 'Velocíclopes' de Fantoches Baj e tamén coa ludoteca xiramundos e a súa actividade 'A casa dos xogos'. Xa para o público máis adulto tivo lugar o domingo o concerto de Andhrea &The Black Cats xunto a unha sesión vermú.

Nesta edición, a vixésimo quinta, participaron un total de vinte establecementos coa novidade de que se incorporaron algúns sectores como o da estética ou as axencias de seguros, "pero sempre mantendo a esencia do evento que é a de ofrecer produtos de moi boa calidade a prezos moi reducidos".

Apoio da Deputación e do Concello ao sector

A feira de oportunidades Mercamelide está organizada polo Concello de Melide en colaboración coa asociación de empresarios Terra de Melide e a Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Comercio. Neste senso, tanto o Concello como a Deputación da Coruña quixeron deixar patente o seu apoio a un sector crucial para o dinamismo económico da vila como é o do comercio. Así, Antonio Leira, deputado provincial; acompañado do alcalde de Melide, José Manuel Pérez; do tenente alcalde, José Antonio Prado; e do concelleiro da área de Comercio, Xosé Igrexas, non dubidaron en visitar a feira de oportunidades o sábado pola mañá facendo un percorrido polos diferentes postos comerciais.

Especial agradecemento quixeron amosar dende a patronal ao traballo desenvolvido dende o Concello na organización da feira, "tanto por parte dos operarios como do concelleiro da área correspondente xa que durante toda a fin de semana estivo pendente do desenvolvemento da mesma tratando de solucionar as posibles incidencias que xurdiron", apuntaron dende a patronal.

A próxima cita co Mercamelide terá lugar no verán.

A CEC crea un Gabinete Técnico en materia de Igualdade Laboral

A Confederación de Empresarios da Coruña, CEC, puxo en marcha o pasado mes de decembro un Gabinete Técnico en materia de Igualdade Laboral e de Oportunidades e contra a brecha salarial.

Configurado como experiencia piloto, permitirá a todas as empresas asociadas dispoñer dun servizo, totalmente gratuíto ata o 30 de xuño de 2020, que abarca os seguintes aspectos: asesoramento e apoio técnico en materias como a definición, implantación, desenvolvemento e avaliación de Plans de igualdade; elaboración de estudos e análises sectoriais de plans de igualdade nos convenios colectivos; e formación en materia de igualdade laboral.

As empresas interesadas en realizar algunha consulta poden poñerse en contacto con Lucía Rial, responsable do Gabinete, a través do número de teléfono 981 17 41 41 (extensión 1215) ou do correo electrónico igualdade@cec.es.

A iniciativa está financiada pola Xunta de Galicia como froito dos acordos do Diálogo Social firmados recentemente.

Asetem valora o impacto do gasto público nas localidades do Camiño

A Asociación de Empresarios Terra de Melide – Centro Comercial Aberto vén de colaborar cunha iniciativa posta en marcha polos alumnos do IES Xelmirez I de Santiago de Compostela, que están realizando un proxecto Erasmus financiado pola UE sobre o impacto do gasto público nas localidades do Camiño de Santiago; neste caso no Camiño Francés.

No seu día os promotores do proxecto xa visitaron á alcaldesa de Melide, por aquel entón Dalia García, e tamén realizaron enquisas de opinión aos veciños e empresarios de Melide. Agora, explicaron, "interésanos completar o traballo cunha entrevista ao presidente dos empresarios".

Por falta de dispoñibilidade, Manuel Vázquez, presidente de Asetem-CCA, non puido asistir a dita entrevista, pero si o fixo no seu lugar o vicepresidente Rodrigo Fernández.

O proxecto desenvólvese en colaboración con dous institutos franceses e outro instituto navarro e pode consultarse na web www.xelmirez.com/+camino.html.

Os autónomos esixen que se cumpra a bonificación acordada para a AP9

A plataforma impulsada polas organizacións de autónomos, entre as que se atopa a Federación de Autónomos de Galicia, Feaga, en defensa dos profesionais que utilizan a AP9 lanzou un ultimato ao goberno central de Madrid no que dá de marxe ata o vindeiro 28 de febreiro para cumprir cos compromisos adquiridos no acordo de investidura entre o BNG e o Partido Socialista.

Segundo explicaron nun comunicado, "de levarse a cabo estas medidas os autónomos e profesionais que transiten pola AP9 e realicen o percorrido de ida e volta na mesma xornada terán unha bonificación do 100% do abono da peaxe, que en termos económicos suporá para estes traballadores un aforro medio ao mes de entre 300 e 600 euros para aqueles que a empreguen a diario, en función dos tramos da ruta".

"Esta decisión, de producirse nos prazos comprometidos, permitirá que miles de traballadores autónomos aforren en custos de explotación do seu negocio unha media de 4.000 euros anuais. O aforro en liñas xerais pode acadar arredor dos 50 millóns de euros ao ano, que sen dúbida servirán para amortecer a precaria situación económica pola que atravesa o noso colectivo", engade no comunicado o presidente de Feaga, Francisco Javier Pérez Bello.

De non cumprir co seu compromiso, dende a plataforma de organizacións de autónomos UPTA remarcan que as consecuencias poderán transformarse en "mobilizacións".

centro auditivo



solicita tu **REVISION GRATUITA**



ÓPTICAStábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

SUBVENCIÓNS DE INTERESE (Información elaborada por CCXestión)

SUBVENCIÓNS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS
(DOG 3, DO 07/01/2020)
Beneficiarios: Autónomos ou empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, sociedades civís ou comunidades de bens.
Programas de axuda:
.- PROGRAMA EMPREGA XUVENTUDE, DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN E FORMACIÓN DE PERSOAS MENORES DE 30 ANOS DESEMPREGADAS, para contratacións temporais de duración mínima de 12 meses ou contratacións indefinidas, ambas a tempo completo.
.- PROGRAMA EMPREGA MULLER, PARA A CONTRATACIÓN E FORMACIÓN DE MULLERES DESEMPREGADAS, para contratacións temporais de duración mínima de 12 meses, contratacións indefinidas, transformación de contratos temporais en indefinidos ou incrementos de xornada a tempo completo.
.- PROGRAMA EMPREGA DISCAPACIDADE E EXCLUSIÓN DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN, FORMACIÓN E EMPREGO CON APOIO, para contratacións indefinidas iniciais, contratacións temporais con unha duración inicial mínima de 3 meses e as transformacións en indefinidos de contratos temporais.
.- PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DE PERSOAS DESEMPREGADAS DE LONGA DURACIÓN, para contratacións indefinidas iniciais e as temporais con unha duración inicial mínima de 12 meses, ambas a tempo completo.
Obrigas, entre outras:
.- Para contratacións indefinidas iniciais, transformacións a indefinido ou incrementos de xornada: Manter no cadro de persoal aos traballadores indefinidos contratados por un período mínimo de 2 anos e manter o número de traballadores fixos por un período mínimo de 2 anos.
.- Para contratacións temporais: Manter no cadro de persoal á persoa contratada durante un período mínimo de 12 meses (ou 3 meses no Programa Emprega Discapacidade e Exclusión).
Prazo de solicitude:
.- Para as contratacións realizadas entre o 01/10/2019 e o 07/01/2020, ata o 09/03/2020.
.- Para as contratacións realizadas dende o 08/01/2020, ata o último día do segundo mes seguinte á contratación, e como máximo ata o 30/09/2020.

PROGRAMA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO (DOG 22, DO 03/02/2020)
Beneficiarios: Persoas desempregadas e inscritas como demandantes de emprego, que causen alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA), como persoa física ou como membro de sociedade civil ou comunidade de bens, e iniciasen a actividade entre o 01/10/2019 e o 30/09/2020.
Contía: Entre 2.000 e 9.000 euros, segundo o colectivo.
Obrigas: manter a alta no RETA un mínimo de 2 anos.
Prazo de solicitude: ata o 30 de setembro de 2020.

AXUDAS A PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS POLA CONTRATACIÓN DE PERSOAS ASALARIADAS (DOG 22, DO 03/02/2020)
Beneficiarios: Autónomos, pola primeira contratación indefinida durante o seu primeiro ano de actividade; así como pola segunda e terceira contratación indefinida nos tres primeiros anos de actividade. En todo caso deberase contratar a persoas desempregadas.
BONO CONTRATACIÓN. Contía:
.- Primeira contratación indefinida: entre 4.000 e 14.625 euros, segundo o colectivo de pertenza do traballador contratado.
.- Segunda e terceira persoa indefinida: entre 6.500 e 20.250 euros, segundo o colectivo ao que pertenza o traballador contratado.
Obrigas, entre outras: manter á persoa contratada no cadro de persoal por un mínimo de 2 anos.
Prazo de solicitude:
.- Para contratacións realizadas entre o 01/10/2019 e o 03/02/2020, ata o 03/04/2020.
.- Para contratacións realizadas dende o 04/02/2020, ata o último día do segundo mes seguinte á data de contratación, como máximo o 30/09/2020.
BONO FORMACIÓN.
Contía: 4.000 euros por cada traballador subvencionado co bono contratación.

PROGRAMA DE FOMENTO E CONSOLIDACIÓN DO EMPREGO PARA AS PEQUENAS EMPRESAS DE NOVA CREACIÓN (DOG 22, DO 03/02/2020)
Entidades beneficiarias:
Sociedades mercantís, sociedades civís, comunidades de bens, cooperativas e sociedades laborais, de carácter privado, de nova creación (alta IAE dende o 01/08/2019), promovidas por un máximo de 5 persoas (que entre os socios non figure ningunha persoa xurídica), cun capital social máximo de 120.202 €, e que, como mínimo, o 50% do capital social sexa de titularidade de persoas desempregadas, que creen o seu propio posto de traballo na empresa.
Tamén poderán ser beneficiarias as empresas privadas que obtivesen a cualificación como Iniciativa Local de Emprego (ILE).
Tipos de axuda:
1.- SUBVENCIÓN Á XERACIÓN DE EMPREGO ESTABLE.
Contía: Entre 2.000 e 9.000 euros por cada posto estable a tempo completo creado para desempregados, incluído o das persoas promotoras, ata un máximo de 10; creados entre o 01/08/2019 e o 31/07/2020.
2.- SUBVENCIÓN PARA FORMACIÓN.
Ata o 75% do custe da formación recibida (IVE excluído), co límite de 3.000 €.
3.- SUBVENCIÓN PARA O INICIO DE ACTIVIDADE
Honorarios de notaría e rexistrador, compra de mercadorías e materias primas, arrendamento do local, de maquinaria e de equipamentos informáticos, seguro do local, publicidade, páxina web, posicionamento web e subministracións, realizados desde un mes antes ao inicio da actividade empresarial e durante o período subvencionable.
Contías: Entre 2.000 e 9.000 euros por cada posto estable a tempo completo, segundo o colectivo.
4.- SUBVENCIÓN PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR DA PERSOAS PROMOTORAS.
Contía: 75% do custo dos servizos de gardaría, ata un máximo de 3.000 euros, das persoas promotoras titulares de familias monoparentais ou nas cales ambos cónxuxes traballen, realizados entre os 3 meses anteriores ao inicio e o fin do período subvencionable.
Prazo de solicitude: Ata o 31/07/2020

PROGRAMA DO BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS (DOG 22, DO 03/02/2020)
Beneficiarios:
1.- As persoas autónomas, con unha antigüidade de alta no RETA ou mutualidade de máis de 42 meses; que teñan un rendemento neto reducido de actividades económicas inferior a 30.000 euros e unha facturación mínima de 12.000 euros anuais (IVE incluído), no exercicio 2018.
2.- Sociedades e comunidades de bens, con un autónomo societario cunha antigüidade na actividade empresarial superior a 42 meses; que teñan unha facturación mínima anual de 12.000 € (IVE incluído); e con unha base impoñible no imposto de sociedades de 2018 inferior a 30.000 euros (ou rendemento neto reducido dos rendementos das actividades económicas do IRPF inferior a 30.000 euros, no caso de tributación en réxime de atribución de rendas).
Gastos ou investimentos subvencionables (realizados entre o 04/02/2020 e a data límite de xustificación que figure na resolución da axuda, cando supoñan unha mellora da competitividade):
a) SERVIZOS: Investigación de mercado; plan de marketing; plan de comunicación de negocio; plan estratéxico de negocio; plan de crecemento; plan de reorientación de negocio; plan de uso de novas tecnoloxías no negocio; plan de refinanciamento.
b) INVESTIMENTOS: Compra de maquinaria, útiles e ferramentas; reforma do local do negocio, equipamentos informáticos; rótulos; aplicacións informáticas e páxinas web; creación do logotipo do negocio; e mobiliario.
Contía: 80%, co límite máximo de 3.000 €.
Obrigas, entre outras: permanecer de alta no RETA un período mínimo de 2 anos dende a solicitude da axuda.
Prazo de solicitude: Ata o 03/03/2020.

PROGRAMA DO BONO RENOVA NEGOCIOS DAS PERSOAS TRABALLADORAS AUTONOMAS
(DOG 22, DO 03/02/2020)
Dirixido á remuda xeracional ordenada dos negocios das persoas traballadoras autónomas producidas entre o 01/01/2020 e o 30/09/2020.
Beneficiarios:
.- Persoas transmitentes do negocio, que cesen por ter 60 anos ou máis, por declaración de incapacidade total, absoluta ou grande invalidez, as persoas herdeiras do negocio por falecemento do titular.
No caso de autónomos societarios, a transmisión das accións ou participacións deben supoñer o control da actividade por parte do adquirinte, é dicir, posuír máis do 50% do capital social.
.- A persoa adquirente do negocio, que cause alta no Réxime de Autónomos tras a súa adquisición.
Contías:
.- Transmitente: 5.000 euros, ou proporción segundo a súa participación no negocio.
.- Adquirinte:
a) Bono asesoramento. 100% dos gastos de asesoramento, co límite de 3.000 euros.
b) Bono formación. Ata 6.000 euros.
c) Bono inicio de actividade: 5.000 euros por negocio e terá un incremento de 3.000 euros por traballador por conta allea que manteña de alta na empresa no momento do traspaso e por un mínimo de 2 anos, co máximo de 5 traballadores.
Asimesmo, o adquirinte, comprométese a manter o negocio durante un mínimo de 2 anos.
Prazo de solicitude: ata o 30/09/2020.

PROGRAMA BONO NOVA OPORTUNIDADE DAS PERSOAS AUTÓNOMAS (DOG 22, DO 03/02/2020)
Beneficiarios: Persoas que causen alta como Autónomos (RETA) entre e 01/01/2020 e o 30/09/2020 e cesaran con anterioridade na súa actividade económica por causas económicas, cando cumpran os seguintes requisitos:
.- Que o cese se producira con 6 meses de antelación como mínimo.
.- Que teña cotizado, por conta propia, 18 meses ininterrompidos nos últimos 5 anos, ou ben 36 meses alternos, nos últimos 10 anos.
.- Que estea inscrito como demandante de emprego durante os 6 meses seguidos e estar en tal situación no momento de inicio da actividade.
.- Realizar unha formación mínima de 60 horas.
Prazo: ata o 03/04/2020.

Veciños da rúa Camiño Vello de Santiago recollen firmas para o arranxo da zona

Quéixanse do firme levantado, da escasa capacidade dos sumidoiros cando chove e da mala imaxe da zona que é ademais entrada do Camiño de Santiago á vila de Melide

Algo máis dun ano, ese é o tempo transcorrido dende que os veciños da rúa Camiño Vello de Santiago realizasen unha campaña de recollida de firmas para reclamar ao Concello de Melide unha reforma integral da zona. Entre as súas demandas, melloras no firme da rúa e queixas pola escasa capacidade dos sumidoiros para absorber as augas pluviais.

Pasados máis de doce meses a situación "segue exactamente igual", din, motivo polo cal van iniciar de novo outra recollida de sinaturas. "Non somos só os veciños da rúa do Camiño Vello, senón tamén os da rúa Lavadoiro e arredores, e os usuarios que transitan por aquí os que padecemos este abandono", explican os veciños.

Quéixanse de que cada vez que chove as augas acaban baixando dende a Avenida de Lugo e a rúa do Lavadoiro ata inundar a zona e facer a calzada practicamente intransitable debido á escasa capacidade de absorción dos sumidoiros. "Non é lóxico que estea así esta parte do pobo, e se ti queres facer unha acometida de auga teñas que facer unha instancia a Patrimonio, todo con estudo arqueolóxico", reclaman.

Firme levantado

Outra das súas queixas vai en relación ao firme da propia rúa Camiño Vello de Santiago. Segundo explican, as lousas de pedra da calzada están asentadas sobre terra e por moito que as selen de ven en cando con cemento, ao pasar vehículos pesados levántanse, rompen e acaban por crear un camiño irregular cheo de pozas e buracos co consecuente perigo que iso supón tanto para os camiñantes como para os vehículos. "Por aquí pasa maquinaria pesada, que entendemos que pase e sabemos que é necesario que pase para facer o seu traballo, pero hai que ter en conta que o firme non é o adecuado".

Discriminación

Fartos desta situación, os veciños da zona aseguran que se trata dun problema que vén de vello e din sentirse discriminados con respecto a outras zonas do municipio. "Deberían facer algo dunha vez, e facelo ben, porque isto é un problema de vello. Cada vez que se levanta unha pedra veñen a colocala no seu sitio, pero iso non serve de nada porque só é poñer parches. Cada vez que chove con intensidade e co paso de vehículos a rúa vólvese intransitable, e levamos moitos anos así. Observamos un agravio comparativo con respecto a outras zonas de Melide, parece que só interesa arranxar o casco vello e non outras zonas".





A esta problemática engaden ademais a do lixo. "Aquí fan a recollida do lixo, pero limpeza e varrer facémolo os propios veciños; así como a poda de árbores ou a roza de maleza". Demandan así mesmo unha "iluminación axeitada como a que hai noutros lugares da vila", e denuncian que "todo isto vai en contra do principal motor económico de Melide; a principal fonte de ingresos que é o Camiño de Santiago, pois esta rúa é a entrada principal na vila de Melide desta ruta de peregrinación. Que imaxe se está dando se por onde entran os peregrinos temos a rúa sen luz e chea de fochancas. E non só para os peregrinos, senón tamén para os usuarios e veciños. Verás que o día que un peregrino sufra un accidente, daquela si actuarán en consecuencia, daquela si que farán algo".



Tchin Tchin
ESPECIAL
PROGRESIVOS

EL 2º PAR
DE GAFAS
PROGRESIVAS
POR 1€ MÁS*

*Ver condiciones en la óptica y en afflelou.es. Oferta válida del 01/02/2020 al 31/03/2020 en las ópticas ALAIN AFFLELOU de España y Andorra.

C/RONDA DE CORUÑA, 16 (E-15-001258) · MELIDE
981 50 60 97

ALAIN AFFLELOU
El óptico loco por ti
ÓPTICA, E 15001258 / AUDÍFONOS, E 15001259

Fomento ve ‘favorable’ canalizar as augas do polígono ata a EDAR

Medio Ambiente e Concello confirman controis periódicos para evitar novas verteduras ao Furelos



Non foi a busca de solucións, senón a inauguración do parque infantil do Cantón de San Roque a escusa perfecta para poñer sobre a mesa as últimas novidades en relación á vertedura producida a finais do ano pasado dende o polígono industrial da Madanela ao río Furelos.

Despois de notificacións varias entre as diferentes administracións, a conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez desprazouse a Melide a finais de xaneiro para manter un encontro co alcalde, José Manuel Pérez (Adiante Melide), e demais membros da corporación, co obxecto de comprobar o resultado das obras acometidas na vila con cargo ao Plan Hurbe. Non obstante, o foco dos medios estaba posto sobre o río Furelos e a problemática dos vertidos.

Foi precisamente ao remate desa reunión cando o primeiro tenente de alcalde, José Antonio Prado, asegurou que o Ministerio de Fomento (agora de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana), xa contestou o pasado 10 de xaneiro ao requerimento do mes de abril da Consellería de Infraestruturas para seguir avanzando na redacción do proxecto co que a Xunta de Galicia pretende impulsar a conexión do polígono industrial de Melide coa depuradora (EDAR) do casco urbano. “O que non consta é que haxa informes de Patrimonio, Medio Ambiente ou Augas de Galicia de que iso é posible; é dicir, de todos os informes o único que está sobre a mesa é o de Fomento, faltan tres para dicir se ese proxecto, que xa é do ano 2012, é posible”, asegurou Prado ao mesmo tempo que confirmou que o informe de Fomento “é favorable”.

Prado desmentía así que a depuradora do polígono estivese pendente dos informes do Ministerio de Fomento, tal e como se asegurou no seu día dende a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Así mesmo, con respecto ao proxecto de canalización das augas residuais do polígono á EDAR de Melide, José Manuel Pérez, asegurou que o goberno local apoiará esa opción “sempre que os informes técnicos correspondentes avalen unha intervención desas características”.

O rexedor melidense destacou que ante esta problemática “os máis prexudicados son os melidenses no seu conxunto e en particular os propios empresarios que ven con preocupación o futuro das súas industrias; o que non pode continuar é unha situación destas características que a ninguén beneficia, porque é unha cuestión que fala mal do noso pobo e fala mal de forma continuada”, dixo.

A outra solución pasaría pola construción dunha depuradora propia para o parque empresarial da Madanela. A este respecto a conselleira de Medio Ambiente sinalou que “temos que ser conscientes de que non hai unha única depuradora que trate os residuos de distintas empresas. A partir de aí hai que falar en positivo e as administracións temos a obriga de facer cumprir”.

Controis periódicos

Precisamente co obxectivo de que se cumpra a legalidade, dende a Consellería de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez confirmou que se están a facer valoracións correspondentes e de xeito periódico por parte dos axentes medioambientais. Mentres, o alcalde de Melide afirmou que “pola nosa parte e cos poucos recursos que temos, estamos facendo visitas diarias e en horas diferentes, levantando arquetas concretas e facendo os informes necesarios”; todo co obxectivo de que as verteduras ao Furelos non se repitan mentres non chega unha solución.

O detonante

A última vertedura que devolveu á actualidade os problemas de depuración do parque empresarial de Melide tivo lugar o pasado 31 de decembro, tras ser denunciada pola asociación de troiteiros Río Furelos. Técnicos de Augas de Galicia e da Consellería de Medio Ambiente tomaban mostras e tralos resultados decidíase incoar un procedemento sancionador a unha empresa da vila e ao Concello de Melide, demandando ao mesmo tempo ao goberno local “medidas urxentes” para o cesamento das verteduras.

Mentres tanto, o Concello de Melide denunciaba os feitos perante os xulgados de Arzúa para que se depurasen “non só as responsabilidades administrativas senón tamén, de ser o caso, as penais”, e criticaban a inactividade da Xunta durante os últimos anos.

“Ao longo de todos eses anos, a desidia da Xunta de Galicia e dos distintos gobernos municipais explica a deterioración ambiental que o Concello de Melide está a sufrir. Baste ver que desde a posta en marcha do polígono os anteriores gobernos locais non incoaron expediente ningún en relación coas verteduras do polígono. Así o recoñece o SEPRONA da Guarda Civil nun informe datado o 9 de setembro de 2019 e referido ao período 2004-2019 que, literalmente, di ‘que en varios informes dos axentes se recomenda informar á autoridade xudicial competente do desinterese por parte da Administración en dar solución á falta de depuración das augas residuais do polígono, e por conseguinte por unha posible prevaricación por omisión’”.

PP e PSOE, propostas diferentes

Mentres a depuración de augas para o polígono industrial da Madanela non chega, o PP de Melide instou ao goberno local a que execute os traballos recollidos na auditoría que se fixo no parque empresarial durante o mandato popular, e cualificou as medidas tomadas polo bipartito de “insuficientes”.

Pola súa parte, o PSdeG-PSOE presentou ante a Mesa do Parlamento galego varias cuestións con respecto ás verteduras, tales como coñecer os motivos do goberno galego para non actuar ante este problema medioambiental do que era coñecedor dende o ano 2007, ou que medidas a curto e medio prazo, ten pensado adoptar.

Os empresarios deféndense


Tras ser sinalado nalgún medio como un dos culpables das verteduras ao río Furelos dende o polígono industrial de Melide; o matadoiro de polos Avigaro quixo deixar claro que nada tiña que ver co acontecido amosando, mediante unha visita aberta aos medios de comunicación, as súas instalacións e sistema de depuración.

A esta vista foron convidados o presidente e diferentes membros da asociación de troiteiros Río Furelos, que explicaron que foron recibidos polo xerente da empresa, Manuel Orosa, e que puideron comprobar en primeira persoa que “a depuración das augas da planta lévase a cabo con produtos químicos, respectando a normativa europea, que é máis restritiva cá nosa. E para garantir que nada escape ao seu control, a parcela que ocupan as instalacións está rodeada por un foxo que recolle as augas, mesmo as da choiva para seren canalizadas á depuradora da propia empresa”.

“Manuel Orosa mostrouse como un empresario que quere enraizar en Melide, que desexa que a súa empresa prospere contratando xente da contorna e cumprindo escrupulosamente coa normativa vixente a todos os niveis”, engadiu Pazo, que tamén agradeceu a transparencia amosada pola empresa dende o primeiro momento.

Ante toda esta situación, dende o colectivo de troiteiros pediron “altura de miras” aos políticos para tratar de buscar unha solución definitiva ao problema dos continuos vertidos. “Deixen de tirarse os tratos á cabeza e de botarse as culpas uns aos outros mostrando un alarmante síntoma de falta de lealdade institucional e de madurez política”, concluíu Pazo.

A Xunta comezará este mes as obras de saneamento na parroquia de Santa María



A Xunta anunciou que comezará no mes de febreiro as obras de saneamento na parroquia de Santa María de Melide tras adaptalas ás exixencias do Ministerio de Fomento.

Os traballos consistirán nun sistema de algo máis de 1,4 km de lonxitude que recollerá as augas residuais urbanas naquelas vivendas carentes deste servizo, e a súa conexión á rede xeral existente.

Ademais a intervención abarcará actuacións nas marxes esquerda e dereita da estrada N-547 en dirección Santiago xa que na actualidade a parroquia de Santa María conta cunha rede de saneamento na área que discorre pola marxe esquerda desta vía.

Nesta zona existen tamén unhas vivendas situadas a unha notable diferenza de cota con respecto ás demais, polo que se proxectará outra actuación á marxe deste contrato co fin de darlle unha solución de saneamento axeitada ás súas características.

A través de Augas de Galicia investiranse algo máis de 116.000 euros para dotar á parroquia dunha nova rede de saneamento. Estas obras contan co cofinanciamento do programa operativo FEADER 2014-2020.

Reclaman de novo á Xunta o arranxo do firme na AC-840



C.M.

O Concello de Melide remitiu novamente unha solicitude á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para que revise o estado do firme da estrada AC-840 ao seu paso polo núcleo da vila. Trátase dunha petición reiterada por parte da administración local melidense posto que o pasado 7 de novembro o actual equipo de goberno xa trasladou este requirimento á Xunta de Galicia para que revisase os problemas no firme e actuase en consecuencia.

Dende o ente local lembraron que "a AC-840 é unha estrada de competencia autonómica que vertebra o núcleo urbano de Melide e que une a ronda da Coruña coa ronda de Pontevedra, dúas estradas fundamentais de entrada e saída na vila que soportan máis de 3.500 vehículos de media cada día. O alto volume de tráfico rodado unido ao paso do tempo fan que o firme en moitas zonas estea totalmente afundido poñendo en perigo a seguridade de condutores e viandantes".

En base a isto, o Concello de Melide reiterou a súa petición á Axencia Galega de Infraestruturas para que arranxen o firme da vía. No escrito remitido incluíuse "un completo dossier fotográfico evidenciando a mala conservación desta estrada", unha situación que cualificou o goberno local como "moi grave e que supón un perigo para veciños e visitantes".

As pistas de pádel e do polideportivo municipal deberán reservarse no Concello

O Concello de Melide informou de que as reservas e/ou o alugueiro das pistas de pádel e da pista do polideportivo municipal terán que realizarse no departamento de Deportes do Concello de Melide. Deste xeito, as pistas de pádel, situadas no pazo de congresos e exposicións da vila poderán ser utilizadas en horario de mañá e tarde, dende as 10h e ata as 13h e dende as 16h ata as 22h. En canto á pista do polideportivo municipal, esta poderá ser utilizada en horario de luns a venres, dende as 17h e ata as 23h., sempre e cando non coincida coa actividade diaria das Escolas Deportivas Municipais. Os horarios de dispoñibilidade poden consultarse no departamento de Deportes.

Medio Ambiente e Concello rematan a remodelación do cantón de San Roque

Ángeles Vázquez, conselleira de Medio Ambiente, desprazouse ata o Concello de Melide para manter un encontro distendido co goberno local e valorar o resultado final das obras acometidas con cargo ao Plan Hurbe do ano 2019.

Neste caso foron a reforma do cantón de San Roque e a instalación dun parque infantil no mesmo; uns traballos nos que se investiron un total de 466.000 euros.



Ao remate do encontro a conselleira asegurou que "era unha demanda que había e que creo que foi unha boa opción para Melide polo lugar onde está ubicado, porque é lugar de tránsito, pero tamén é lugar de reunión e convivencia familiar".

Do mesmo xeito anunciou que para o ano 2020 o Plan Hurbe ten habilitados 6,5 millóns de euros polo que convidou ao Concello de Melide a que "continúe na liña de humanizar eses lugares de convivencia onde eles vexan que é preciso", dixo.

Neste senso o alcalde de Melide, José Manuel Pérez, adiantou que presentarán algún proxecto porque "entendemos que debe haber unha colaboración eficaz entre administracións".

Rematada a xuntanza a conselleira de Medio Ambiente, acompañada do alcalde de Melide e outros representantes do goberno local, visitaron as inmediacións do cantón para comprobar o resultado dos traballos.

Aberta xa ao público, a nova área de recreo do cantón está pensada para unha franxa de idade que abrangue dos 4 aos 14 anos e conta con tres bloques de xogos infantís con capacidade para albergar a uns 80 rapaces.

O PP local pide que se reorganice o tráfico no PAC

P.P.M.



O PP de Melide instou ao goberno local a tomar medidas para reorganizar o tráfico rodado no acceso ao Punto de Atención Continuada (PAC) do centro de saúde da localidade. Segundo apuntaron os populares trátase dunha situación que se repite habitualmente, onde "incluso hai vehículos uns detrás de outros na rambla de acceso ao PAC ademais de vehículos aparcados que dificultan as manobras de retirada".

Ante esta situación, dende a formación popular reclamaron ao Concello que tome medidas de reorganización das entradas e saídas a través da rampla de acceso ao PAC así como do espazo de aparcadoiro. "Sabemos que a xestión do Centro de Saúde é dependente do SERGAS máis non podemos obviar que a reorganización do tráfico é unha competencia claramente municipal" din os populares.

Admiten a trámite a demanda do PP sobre o acceso á información pública

A denuncia presentada polo Partido Popular de Melide ante a Valedora do Pobo en relación ao acceso á información pública do goberno local foi admitida a trámite. Os populares decidiron acudir a este organismo ante os "obstáculos" aos que se din ver sometidos no seu exercicio de labor de oposición.



Segundo a portavoz popular, Dalia García, "non é a primeira vez que deixamos tempo suficiente para que puidesen organizar a consulta ao expediente solicitado, pois consideramos que pode haber causas sobrevidas que impliquen priorizar asuntos municipais, pero en todo caso é sangrante que non se conteste ás solicitudes de información da oposición de maneira sistemática".

García explicou que como oposición teñen dereito a que se lles conteste en 5 días, "e nun asunto de tal gravidade como a cuestión dos vertidos, estamos informados polos medios de comunicación do que supostamente está a facer o bipartito melidense".

Aseguran os populares que tras preguntar por diferentes cuestións a resposta sempre é a mesma, "silencio".

"É moi ilustrativo –subliñou García– que por primeira vez o alcalde melidense nomease unha concellería de transparencia que se dedica a facer mitines polas parroquias melidenses pero que non cumpra co básico, que é permitir en tempo e forma o acceso aos asuntos municipais de especial transcendencia como é o caso das últimas solicitudes".

Agora, tras recibir a comunicación da Valedora do Pobo admitindo a trámite as súas demandas, a voceira popular asegurou que recibiron unha notificación procedente do Concello de Melide "onde se nos autoriza a consultar o expediente do vertido do 31/12/2019 o día 17 de marzo, tres meses despois de ser solicitado", queixouse. "É certo que o goberno pode pospoñer a súa consulta, máis parece pouco axeitado ou inxustificado o seu aprazamento de tres meses para acceder á información que por dereito nos corresponde", engadiu García.

Dende as filas populares aseguraron que tomarán todas as decisións que teñan que tomar "se non se respectan as regras de xogo democráticas por parte deste bipartito PsdG-PSOE/AM no acceso a expedientes e no control do goberno, xogar a dilatar os prazos non é a solución".

Os pescadores aproban as contas e as actividades para este ano en asemblea xeral



A.T.R.F.

O pasado 25 de xaneiro a asociación de troiteiros Río Furelos de Melide celebrou a asemblea xeral ordinaria ante a participación do 70% dos seus socios.

Durante a asemblea, segundo informou o presidente do colectivo, Xavier Pazo, deuse conta dun informe completo das xestións levadas a cabo no ano 2019 pola Xunta Directiva. Así mesmo, a continuación foron aprobados os presupostos para o ano 2020, a cota de socio e as actividades programadas, quedando tamén a lista de socios actualizada en 347.

"Tamén se pon en coñecemento dos socios que a cota anual é de 20 euros e os cotos a un prezo reducido de 3 euros, quedando exentos os parados de larga duración, discapacitados, menores e xubilados", engadiu o presidente da entidade.

En canto ás actividades, tal e como vén sendo habitual, durante estes ano realizarase o mantemento dos accesos e sinais do couto e vedados do río Furelos; o XVI Campionato de pesca da Terra de Melide o 4 de abril; o XVI Máster de Campións de pesca a mosca o 16 de maio; o Día do Socio o 2 de agosto; as XVII Xornadas Limpeza río Furelos e afluentes en agosto e setembro; así como outras campañas de limpeza do río ou os talleres de montaxe Mosca e Culleriña entre outras actividades.

A Xunta formará este ano a 75 persoas no seu centro de Melide

O delegado territorial da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro, visitou aos alumnos e docentes do centro de formación de Melide (U.A.F), dependente da Consellería de Economía, e no que se están a desenvolver dous cursos que contan cada un con quince alumnos en situación de desemprego; un de atención socio sanitaria a persoas dependentes e outro de cociña.



Ademais, este centro de formación para o emprego formará nos primeiros nove meses do ano en outros tres cursos: un de operacións básicas de cátering, outro de operacións básicas de café bar e outro de operacións básicas de cociña. En total, está previsto que neste período se formen en dita instalación 75 persoas mediante 2.240 horas lectivas, grazas a un investimento de máis de 77.000 euros.

O representante do goberno autonómico lembrou que a administración autonómica realizou en 2018 e 2019 un investimento no centro de formación de Melide de máis de 100.000 euros, cos que se levaron a cabo diferentes actuacións como por exemplo melloras nas instalacións eléctricas e de auga quente, a renovación de maquinaria, mobiliario e accesorios dos talleres de hostalería e de atención sanitaria, ou a compra de material de cociña e instalación de ordenadores.

Reclaman medidas sociais para previr a mendicidade

O Partido Popular de Melide reclamou medidas sociais ao goberno local tras detectar que dúas persoas levaban "máis dunha semana facendo noite na baixo cuberta dun edificio municipal, pedindo pola vila e sen que o goberno faga nada", apuntou a portavoz municipal da formación Dalia García.

Os populares non dubidaron en asegurar que cando estaban no goberno sempre se amosaron "vixiantes do benestar social dos melidenses"; por iso recriminaron ao bipartito local o feito de estar "máis preocupados polo goberno anterior que polas necesidades en materia social das que presumen en papel".

Aproban unha taxa única para o velorio municipal

O pleno do Concello de Melide aprobou cos votos a favor de Adiante Melide e do PSdeG-PSOE, e coa abstención do Partido Popular, a actualización da taxa do velorio municipal. A partir de agora, utilizar unha sala do tanatorio municipal terá un custo único de 250 euros. Anteriormente existían dúas tarifas, unha de 180 euros pola utilización do servizo ata 24 horas, e outra de 94 euros por cada período sucesivo de ata 24 horas, tal e como se desprende da ordenanza fiscal que regula a taxa polo uso destas instalacións.

Con esta actualización, o goberno local buscou "simplificar a taxa ante os problemas de interpretación xerados e tamén pola dificultade no uso do velorio".

O Partido Popular, pola súa parte, cualificou a medida de suba "inxusta".

As familias de Toques disporán do servizo gratuíto de casa niño

Hai cinco familias interesadas e prevese que abra este mesmo mes

Tras ceder o Concello as instalacións para o seu uso, Toques será o seguinte municipio da comarca en contar cunha casa niño que, previsiblemente, abrirá as súas portas este mes de febreiro. Situada nas dependencias da antiga Casa do Concello, en Souto, terá capacidade para atender a un máximo de cinco nenos e nenas ao mesmo tempo.

Noelia García Bran, educadora infantil nada en Palas de Rei, será a encargada de xestionar este servizo polo que xa amosaron interese numerosas familias do municipio. "Despois de falar con elas xa sei que conto con catro ou cinco familias, non sei exactamente cantas porque a matrícula non a teño formalizada, pero falei con elas por teléfono e a verdade é que amosaron interese. Ademais, hai que ter en conta que eu podo atender a un máximo de cinco nenos ao mesmo tempo, non máis, pero se na solicitude de matrícula son sete e non se solapan as horas podería incluso atender a sete; no caso de coincidir os horarios xa tería que facer un baremo", explica Noelia.

Entre os usuarios interesados en facer uso da casa niño, "dúas familias son con bebés pequeniños, que á hora de abrir terían tres ou catro meses máis ou menos; outra nena fai os tres anos en xullo; e outro neno tería 20 meses e outro 16, aproximadamente", destaca Noelia.

Se todo vai segundo o previsto, a casa niño comezará a prestar servizo despois do 24 de febreiro, data límite na que Noelia deberá ter rematados todos os traballos e presentados os trámites ante a Xunta de Galicia. "Antes do 24 de febreiro teño que ter todo listo e enviar á Xunta de Galicia todo o papeleo, a reforma, acondicionamento do local, e despois depende un pouco de cando veñan a facer a inspección. Poderían vir o día 26 e dicirme que está todo ben e abrir o 27, como poden tardar en vir dúas semanas ou tres; iso xa non depende de min".



Ovidio Rodeiro, delegado da Xunta na Coruña, na visita que fixo recentemente á casa niño de Santiso, en funcionamento dende o ano pasado

Requisitos

En canto aos requisitos necesarios para poder facer uso deste servizo, que é totalmente gratuíto para as familias, Noelia destaca especialmente dous, "que estean empadroados no Concello de Toques e que o neno ou nena cumpra co calendario de vacinación, logo –engade– o único que terían que traer serían os cueiros por exemplo, ou a comida ou o leite dependendo de se xa comen ou aínda toman o biberón, cousas como esas, nada máis".

Os nenos e nenas de 3 meses a 3 anos de idade poderán permanecer na casa niño un máximo de oito horas diarias de luns a venres. "O horario será de oito e media da mañá a catro e media da tarde, e dentro desa franxa horaria cada familia pode escoller as horas que mellor se lle adapten as súas necesidades, tanto poden ser as oito horas como as horas que eles consideren, iso xa o especifican cando formalicen a matrícula, non teñen porque traer ao neno ou nena toda a xornada se non o precisan".

Unha "moi boa oportunidade e no rural"

Despois de coñecer a iniciativa das casas niño a través dunha amiga e compañeira de traballo, Noelia apostou por este proxecto ao ver nel "unha moi boa oportunidade de poder dedicarme a algo que a min me gusta, que sempre me gustou e no que me formei, e aínda encima que vai ser no rural".

Con distintas experiencias anteriores xa, destaca ademais o privilexio de poder atender a un número reducido de nenos. "É certo que son monitora e traballei en campamentos e estiven un ano traballando nunha escola infantil, pero a día de hoxe non me dedicaba a isto e a verdade é que vin unha boa oportunidade. E a idea de que sexa no rural pois tamén me encanta, e sobre todo que sexa con grupos reducidos, porque non é o mesmo traballar nunha empresa grande onde ao mellor tes que atender a doce nenos como mínimo, que traballar nun lugar onde só tes que centrarte en cinco".

Este recurso de conciliación familiar e laboral está tendo moi boa acollida nos concellos máis pequenos, como é o caso de Santiso, no que despois de abrir unha casa niño no mes de abril do ano pasado, a día de hoxe atenden a cinco pequenos e pequenas.

"Iniciativas como esta fan falta no rural, porque ao final ou hai iniciativas deste tipo ou a xente, sobre todo a máis nova, acaba desprazándose na busca de oportunidades", defende Noelia, "e como digo este servizo digo calquera outro que fomente o asentamento das familias para que poidan seguir no rural".

As persoas interesadas en coñecer máis polo miúdo este servizo poden poñerse en contacto con Noelia directamente a través do teléfono 603 721 755, ou tamén achegándose ao Concello de Toques.

Un servizo para todos os concellos

Nunha recente visita á casa niño de Santiso, o delegado territorial da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro, destacou que "seguiremos impulsando este tipo de servizos de conciliación entre os concellos que non teñen ningún recurso de conciliación". Ademais, lembrou que se fará unha convocatoria extraordinaria de axudas para estender este servizo ao 100% dos municipios, e que se incrementará ata os 22.000 euros por exercicio (un 12% máis que na actualidade) a remuneración que perciben as persoas responsables das casas niño que xa levan tres anos funcionando.

No caso concreto de Santiso, a beneficiaria desta axuda contou cunha partida inicial de 15.000 euros para levar as obras necesarias no local para adaptalo á prestación deste servizo e a achega anual para a atención educativa ascende a un máximo de 19.500 euros ao ano.

Actualmente, na provincia da Coruña están en funcionamento dúas casas niño en Frades, unha en Dumbría, unha en Irixoa, unha en Vilarmaior e outra en Santiso. A de Toques súmase agora a outras aprobadas na convocatoria de 2019 que se crearán en Cerdido, As Somozas e Vilasantar.

Toques organiza unha peregrinación por etapas a Santiago, polo Camiño Primitivo

Dentro do programa "Xacobeo 2021 no Camiño Primitivo en Toques", presentado neste municipio a finais de novembro pasado, inclúese a actividade de peregrinación a Santiago de Compostela para os veciños da localidade.

Será durante os meses de febreiro, marzo e abril, en cinco etapas, cando os participantes percorrerán os 100 quilómetros que separan Lugo de Santiago mediante o Camiño Primitivo. A primeira das etapas terá lugar o 16 de febreiro e comprenderá o tramo entre Lugo e San Román; a segunda etapa será o 8 de marzo e irá de San Román a Irago de Arriba; a terceira etapa celebrarase o 22 de marzo entre Irago de Arriba e Arzúa; a cuarta etapa o 5 de abril dende Arzúa a Arca; e a última e quinta etapa terá lugar o 19 de abril saíndo de Arca para rematar coa chegada a Santiago de Compostela.

As recomendacións para participar na actividade son as de levar calzado cómodo e roupa axeitada e tamén bebida e comida. Sairase á mañá e o regreso terá lugar pola tarde nun autobús preparado para o traslado de ida e volta. Ademais, haberá coche de apoio durante cada percorrido.

Dende o Concello de Toques lembraron que se trata dunha actividade gratuíta e aberta ao público en xeral. As inscricións poden facerse a través do número de teléfono 981 50 58 26.

A Deputación construirá unha nova senda peonil no concello de Toques

O traxecto, duns 700 metros, completará a actuación que se desenvolve coas beirarrúas no lugar de Souto



O alcalde de Toques, Miguel Ángel Buján, mantivo unha xuntanza de traballo co presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, para valorar a construción dunha nova senda peonil entre O Souto, no centro do municipio, e o lugar de Moebe.

Trala reunión mantida Formoso confirmoulle ao rexedor local que a institución provincial encargará un proxecto para a construción desta senda, que completará así a actuación que se está a desenvolver na localidade coa construción das beirarrúas en O Souto.

O presidente provincial xa trasladou a petición do alcalde ao servizo provincial de Vías e Obras para a súa valoración técnica e económica e a redacción do proxecto técnico.

"Esta nova senda melloraría –indicou Buján– a seguridade para a veciñanza do entorno, xa que conectaría o centro da localidade, onde se concentran servizos públicos coma o Centro de Saúde ou a Casa do Concello, co lugar de Moebe mediante a construción dunha senda de algo máis de 700 metros, dando continuidade ás obras de mellora de seguridade peonil que se están levando a cabo na travesía de O Souto".

Na mesma reunión, o alcalde de Toques solicitou tamén que a Deputación repare ou leve a cabo determinadas melloras nalgúns puntos das obras da travesía de O Souto que presentan problemas, "polo que técnicos do servizo de Vías e Obras visitarán a zona para coñecer in situ estes problemas e darlles solución no menor prazo posible".

Rouban material e obxectos dun local da asociación O Noso Lar

"Sen novidades", así están os membros da asociación O Noso Lar de Visantoña tralo roubo cometido semanas atrás nun dos seus locais. Confirmouno a vicepresidenta da asociación, que tamén asegurou que pese a estar "pendente dos movementos nalgunhas páxinas de venda en liña de obxectos de segunda man" non detectaron ningunha pista sobre onde poden estar as pertenzas do colectivo. "Puxemos a denuncia, pero por desgraza todo segue igual e a Garda Civil aínda non nos comunicou novidade algunha" asegurou Susana.

Os amigos do alleo perpetraron o roubo no local que a agrupación O Noso Lar ten en Visantoña de noite. "As perdas son bastante importantes: levároonnos un xerador de corriente eléctrica, varios focos de iluminación, unha mesa de sonido, altavoces, micro inalámbrico, taladro, etc. En fin: a maior parte da infraestrutura que empregamos para organizar a cabalgata de Reis, o Entroido, etc", informaban a través das súas redes sociais.

Coñecida a subtracción, dende a asociación denunciaron os feitos ante a Garda Civil que investiga os feitos para tratar de dar co responsable ou responsables. Para iso, os membros do colectivo facilitaron aos corpos de seguridade diferentes fotografías do material roubado, así como números de serie, facturas e todo tipo de material que poida facilitar a busca dos obxectos apropiados polos cacos.

Dende o colectivo lamentaron o sucedido e que poida haber xente "que non respecte o que non é dela, que non respecte o traballo que costa conseguir as cousas", e pediron a colaboración cidadá para tratar de axudar na investigación e así dar cos responsables do furto e recuperar o material subtraído.

O acondicionamento da estrada AC-934, en Sobrado, rematará antes do previsto

Os traballos, nos que a Xunta inviste 1,6 millóns de euros, teñen un prazo de execución de 18 meses e contemplan a creación dunha senda peonil de 3 km



A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, visitou as obras de acondicionamento que se están a executar na estrada AC-934, ao seu paso polo concello de Sobrado, co obxectivo de "mellorar a seguridade viaria dos veciños e dos peregrinos".

Vázquez Mourelle supervisou a marcha dos traballos iniciados o pasado mes de novembro, que comprenden un tramo de 4,5 quilómetros que transcorre íntegro polo termo municipal de Sobrado, entre o límite da provincia e o cruce de Abeleiras, e que supoñen un investimento autonómico superior aos 1,6 millóns de euros.

Aínda que o prazo de execución das obras é de 18 meses, a conselleira avanzou que "o ritmo dos traballos fai prever que se poidan rematar en menor tempo".

Traballos

Os traballos realizados están a consistir na dotación á estrada dun ancho maior, ata chegar aos 8 metros, e na rehabilitación do firme, incluíndose nas travesías de Vilariño-O Mesón o estendido dunha nova capa de rodadura e a ordenación do aparcadoiro.

Tamén se rectificarán as curvas de radio máis reducido para reforzar a seguridade viaria, e melloraranse as intersecciónes coas vías locais, coa disposición de semiglorietas e a creación de pequenos carrís de aceleración que faciliten os xiros e as incorporacións e saídas en condicións máis seguras.

Ethel Vázquez subliñou ademais que, posto que un treito desta estrada transcorre paralelo ao Camiño de Santiago, darase prioridade á execución dunha senda peonil de 3 quilómetros, desde o límite da provincia ata a travesía de Vilariño-O Mesón, que estará rematada este mesmo ano.

Esta actuación forma parte do Plan de investimentos da Xunta para o Xacobeo21, e nesta contorna, fóra deste proxecto, o departamento de Infraestruturas da administración autonómica ten previsto tamén unha actuación complementaria para eliminar o paso estreito actual para vehículos e peóns, ampliándoo a través dun pontón no lugar do Mesón.

A Deputación da Coruña destina case 329.000 euros ao reforzo dos servizos sociais na comarca en 2020

A Deputación da Coruña destina este ano un total de 328.900 euros para reforzar os servizos sociais dos concellos da comarca mediante a contratación de persoal administrativo, técnico e de axuda a domicilio.

O Boletín Oficial da Provincia publicou as bases da convocatoria 2020 do Programa de Servizos Sociais Comunitarios, á que poden concorrer todos os concellos coruñeses de menos de 20.000 habitantes, que teñen como data límite de solicitude o 2 de marzo.

O programa pretende apoiar aos pequenos e medianos concellos coruñeses no mantemento dos seus servizos sociais, contando con persoal especializado e administrativo de apoio.

"Somos conscientes do grande esforzo que supón para os pequenos concellos contar cun cadro de profesionais especialistas no eido social, por iso no pasado mandato incrementamos de 4 a 7 millóns de euros a dotación económica deste programa", afirmou o


D.C.

presidente da Deputación, Valentín González Formoso.

Na súa maior parte, os profesionais contratados mediante este programa atenden cada día a miles de cidadáns con problemas de índole social, que con frecuencia pertencen a colectivos especialmente vulnerables: infancia, mulleres vítimas de violencia, persoas con especiais dificultades de inserción laboral, maiores sen recursos, persoas sen fogar ou con discapacidade.

O programa permite financiar o 100% do salario das persoas contratadas como persoal administrativo (18.000 €/ano), persoal técnico A2 (22.000 €) e persoal técnico A1 (26.000 €). Tamén se inclúe un prezo de 12 euros/hora para financiar o persoal do servizo de axuda no fogar. O persoal poderá ser contratado tamén a media xornada.

As contías previstas para os concellos da comarca dentro do Programa de Servizos Sociais Comunitarios Municipais 2020 son as seguintes: Melide, 115.132 euros; Santiso, 73.918 euros; Sobrado, 91.800 euros; e Toques, 48.050 euros.

Segunda edición da subida a San Cidre en Toques o día 1 de marzo


C.T.

O Concello de Toques organiza a segunda edición da 'Subida a San Cidre, Xacodesafío 2020' o domingo 1 de marzo.

Nesta ocasión establecéronse catro categorías que partirán en diferentes horas. Segundo se recolle na programación, ás 10.30 da mañá terá lugar a carreira para os maiores de 18 anos cun percorrido de 13 quilómetros; ás 10.35 comezarán os inscritos de entre 15 e 17 anos cun percorrido de 2.200 metros; ás 10.45 sairán os menores de entre 11 e 14 anos para facer un percorrido de 1.600 metros; e finalmente ás 12.30 horas partirán os máis pequenos con idades comprendidas entre os 7 e os 10 anos para realizar un percorrido de 500 metros.

Xa á unha do mediodía terá lugar a entrega de premios.

As inscricións son gratuítas, agás para os maiores de 18 anos que terán un prezo de 6 euros se se realizan ata o 23 de febreiro, e de 12 euros ata o 28 de febreiro.

As persoas interesadas en participar poden inscribirse ata o día 28 a través da páxina web do Concello de Toques ou en www.carreirasgalegas.com. Máis información no número de teléfono 626 44 58 16.

Programa Balneario 2020 no Concello de Toques

O Concello de Toques xa ten aberto o prazo para inscribirse no programa Balneario 2020, que arrancou o mércores 12 de febreiro e que ofertará as seguintes datas: 11 e 25 de marzo; 1, 15 e 29 de abril; 6 e 20 de maio; e 3 de xuño.

Será a partir das 16.00 horas na aula da natureza e os participantes deberán levar traxe de baño (xa posto), chancletas, toalla e roupa cómoda. A actividade está destinada só a persoas maiores de 65 anos e empadroadas en Toques.

Os interesados en participar deberán inscribirse no Concello con anterioridade a través do número de teléfono 981 50 58 26.


Máis de 600.000 euros para reparar camiños

A Deputación da Coruña investirá 618.576 euros na reparación de vías e camiños en diferentes parroquias do concello de Sobrado. As obras financiaranse a través do Plan Único (POS+2019) e terán como obxectivo mellorar a seguridade de peóns e vehículos.

En concreto, as actuacións incluirán o acondicionamento de vías nas parroquias de Nogueira, Ciadella, Grixalba, Cumbraos, Carelle, Pousada e Porta; e a mellora de camiños en Codesoso, Cumbraos, Roade, Carelle e Porta.

Con estas accións preténdese mellorar as diferentes rutas situadas no municipio para garantir a seguridade tanto dos veciños como dos peregrinos que pasan pola zona, así como dos vehículos que transcorren polas estradas da vila.

A tempada de pesca fluvial en 2020 irá do 15 de marzo ao 31 de xullo


X.G.

O Diario Oficial de Galicia publicou a Orde na que se definen as normas para a pesca nas augas continentais da Comunidade Autónoma para a vindeira tempada. Así, a pesca do salmón iniciarase o 1 de maio e rematará o 31 de xullo, pero o remate da temporada poderá adiantarse en función das cotas de captura.

Pola súa parte, a pesca do reo iniciarase o 1 de maio e rematará o 31 de xullo, prolongándose en diferentes coutos ata setembro, mentres que a captura da troita comezará o 15 de marzo ata o 31 de xullo, agás nos coutos conveniados, nos que se prolongará ata o 30 de setembro na modalidade de pesca sen morte.

Con carácter xeral, decláranse os luns como inhábiles para a pesca, agás os festivos nacionais ou autonómicos e, como na tempada anterior, os xoves non festivos só se poderá practicar a pesca sen morte.



Carnicería Maruja


A túa carne, en Melide



Rúa Peregrinos, 15.800 - Melide (A Coruña)

PARAFARMACIA
O CANTÓN-MELIDE

Ana López Ulloa



Rúa Cantón de San Roque, 28 Baixo
15.800 Melide - A Coruña
Teléfonos: 981 937 350
667 565 119

CLASES
PARTICULARES

TODOS OS NIVEIS
GRUPOS REDUCIDOS
TODAS AS MATERIAS

Rúa San Antón nº5
Melide
981 50 52 52

O PEQUENO BESBELLO
ACADEMIA DE ENSINO


pbesbello@gmail.com

PSICOLOXÍA
EDUCATIVA

AVALIACIÓN
INTERVENCIÓN
ORIENTACIÓN

ZAFIRO
TOURS

*Contrata a túa viaxe de noivos connosco**



***Deixa a túa viaxe máis especial nas nosas mans e non te arrepentirás! Poremos todo o mellor da nosa parte para que sexa a lúa de mel que sempre soñaches!**

Ademais, coa túa viaxe... un agasallo sorpresa
Non o dubides! Agardámoste en **Zafiro Tours,**
a túa axencia de viaxes en Melide

Rúa do Convento, nº6 - 15.800 (Melide) · Tlfn.: 881 97 56 43


CCA Melide
CentroComercialAberto
ASETEM
«Contigo Somos, Contigo Seremos»
Melide
Descubre o patrimonio e a historia de Melide a través das imaxes da nosa colección
Completa o teu álbum coas estampas que atoparás nos establecementos de CCA Melide - ASETEM
CONCELLO DE MELIDE
XUNTA DE GALICIA
MUSEO da TERRA de MELIDE
UNIDADE PARROQUIAL de MELIDE
CCA Melide
CentroComercialAberto
ASETEM

“Hai que pensar que se ti te vas cunha man diante e outra detrás da túa terra é porque non tes nada, e nós tamén fomos emigrantes”

É unha tarefa discreta, pero laboriosa; que require de tempo, pero á vez moi gratificante. Iso é o que fan Amparo Taboada e Dolores Rodríguez, voluntarias de Cáritas Melide; aínda que ademais de voluntarias, como elas mesmas se definen, son a directora e a secretaria desta institución na vila. Durante o pasado ano axudaron a un total de 41 familias de Melide, Santiso e Toques, entre as que había 25 nenos e nenas menores de 16 anos; e tan só en axudas económicas xestionaron case 28.000 euros destinados a facilitar a vida dos que menos teñen e peor o están pasando. Sen deixar de sorrir, é lóxico que repitan unha e outra vez “o moito que ás veces se pode facer con tan pouco”.

- Cal é o seu labor?
- Amparo Taboada (A.T.): Realizamos a tarefa de atención dous días á semana, os martes pola tarde e os mércores pola mañá. Aínda que tamén é certo que estamos introducindo algún cambio porque o primeiro martes de cada mes facemos atención de roupeiro e beneficiarios, e o resto de martes imos comezar a atender só o roupeiro. E logo xa todos os mércores polas mañás facemos a atención aos beneficiarios en horario de 10.30 a 13.30h.

- Dolores Rodríguez (D.R.): No meu caso o que máis fago é atención a beneficiarios aquí no local de Cáritas e sobre todo labor administrativa e de papeleo. Non obstante, intentamos ser un conxunto de persoas unidas que traballamos todas para o mesmo fin e sen diferenzas; aínda que ás veces sexa inevitable que teña que haber unha persoa máis ao fronte para organizar un pouco todo.

- Cantos voluntarios son a día de hoxe en Cáritas Melide?
- D.R.: Somos un total de 9, todos de Melide

- Entendo que un labor como este require de moito tempo. Cantas horas lle dedican?
- D.R.: É difícil de cuantificar. Non se pode valorar en horas nin en días porque aínda que te vaias de aquí sempre estás pendente dalgún asunto, ou facendo unha chamada, ou organizando. Si que é certo que necesitamos certa dispoñibilidade de tempo, porque por exemplo a xente que está no roupeiro non só ven para entregar a roupa, senón que ao mellor pasan máis horas cualificando e organizando a roupa que horas facendo atención.



Dolores Rodríguez e Amparo Taboada no local de Cáritas en Melide

Cos alimentos pasa o mesmo; hai que organizalos e colocalos cando chegan, non só é repartilos. Pero tamén che digo por exemplo que no meu caso, eu tiven que estar un tempo apartada por cuestións de saúde, sen poder estar aquí no local, e a verdade é que xa estaba desexando volver, porque satisfai moito ver que podes axudar. Sentía a necesidade de implicarme outra vez coa xente; isto é algo que engancha e que botas de menos, sempre con responsabilidade claro, porque nós só somos intermediarias; o único que facemos é xestionar e repartir algo que non é noso; aínda que iso ás veces tamén sexa moi complicado.

- A.T.: Ten razón Dolores en que se estás de voluntaria de Cáritas sempre tes a cabeza aquí, é imposible desconectar, pero tamén é verdade que engancha e que é un labor moi gratificante. Recibimos moito máis do que damos; o simple feito de axudar a alguén, aínda que sexa un mínimo, é do máis gratificante que podemos recibir a cambio.

- A cantas familias axudan en Cáritas Melide?
- D.R.: Durante o ano 2019 foron 41 as familias que atendemos, maioritariamente de Melide, pero tamén temos dúas familias beneficiaras de Santiso e algunha tamén de Toques; é dicir, o que abarca Cáritas Interparroquial.

- A.T.: Nalgún momento chegamos a ter máis de 50.

- Prodúcese un incremento co comezo do ano?
- A.T.: Non, non ten que ver co comezo de ano, notámolo máis noutros momentos puntuais como cando foi a crise de hai uns anos por exemplo; ou cando comeza o curso escolar no mes de setembro, que vemos que entón si que acoden máis familias. Agora o que estamos percibindo é que vén moita familia venezolana.

- Precisamente por iso lles ía preguntar. Cal é o perfil de familia beneficiaria que atenden?
- D.R.: Foi variando, sempre é unha unidade familiar, pero por exemplo cando foi a época da crise houbo moita familia local, de aquí; despois tamén houbo un momento de moita familia marroquí e sen embargo agora temos menos; e nestes momentos é o que dicía Amparo, que está entrando moita familia de Venezuela, ademais, continuamente dende principios de xaneiro. Hai que dicir que no caso destas familias venezolanas é xente que ten formación, que saíu do seu país ao mellor con algún aforro e que nun momento determinado ao non atopar traballo acabouno e por iso necesitou ou necesita axuda, pero puntualmente porque vemos que se buscan a vida rapidamente. E despois, hai que destacar por outra parte que en xeral as familias beneficiarias que atendemos adoitan ser familias con nenos; concretamente en 2019 atendemos a 25 nenos menores de 16 anos.

- A.T.: É certo que ás veces tamén hai familias que se atenden moi pouco tempo, porque en seguida atopan recursos para buscarse a vida, e logo hai outras que ao mellor atendes dende hai dez anos, por iso o perfil vai variando.

- Cales son os servizos que máis lles demandan?
- A.T.: Alimentos e roupa, libros para o colexio, pero sobre todo axuda económica. Por exemplo, o pago de recibos de luz case diría que é o máis común, e non falamos de recibos excesivamente altos. Logo ás veces tamén o pago de bombonas de butano, nalgún caso moi puntual tamén o pago do recibo dun alugueiro, a compra do pan e algún recibo de auga. E aquí é preciso matizar e aclarar que nós o que nunca facemos, porque ademais non podemos, é dar diñeiro en efectivo. Facémonos cargo dos recibos despois de comprobar que as familias cumpren cos requisitos, pero non lles damos o diñeiro directamente, porque ademais temos que presentar xustificante de todo. Así que primeiro aínda comprobamos o libro de familia, os movementos bancarios, que estean empadroados en Melide e moitos máis requisitos. Sempre nos pode enganar alguén, porque a picaresca existiu toda a vida, pero non será por falta de do-

cumentación.

- D.R.: Iso é certo, porque ás veces a xente pensa que con acudir a Cáritas xa van a recibir diñeiro, e non é así. Nós dependemos de Cáritas Diocesana de Lugo que trimestralmente, en función dun presuposto que facemos a principios de ano, ingresa unha contía, por iso nós temos que xustificar todo o que damos mediante recibos.

> "Recibimos moito máis do que damos; o feito de axudar a alguén é do máis gratificante que hai"

É certo que ás veces a burocracia é un pouco extensa, pero tamén é certo que se vén alguén a por roupa ou comida puntualmente, pois non se lle piden tantos trámites. Ten en conta que ademais, moita xente ás veces só vén para falar, porque necesitan que a escoiten; e eu creo que Cáritas non está só para axudar economicamente, que xa sabemos que é o alivio máis demandado, pero moita outra xente tan só necesita tempo con alguén e ser escoitado, apoio moral. Tan só por iso, hai xente tan agradecida que moitas veces pensas, é incrible que con tan pouco se poida facer tanto.

- Comentan que as axudas económicas é o que máis demandan os seus usuarios. A canto adoitan ascender ao longo dun ano?
- D.R.: Pois por exemplo en 2019 só en axudas económicas, entre as que se inclúen bombonas, o pago de recibos ou a compra do pan por exemplo, destinamos 27.719 euros; case 28.000 euros de axuda directa a familias, que se di pronto. E foi incluso algo máis que en 2018, cando se xestionaron 20.315 euros.

- Que eventos ou actuacións organiza Cáritas para recadar fondos propios?
- D.R.: A actividades como a San Silvestre que organiza a Asociación Deportiva Cerne para recadar alimentos, hai que sumar outras campañas como a que fixemos con Froiz, e algunha máis puntual ao longo do ano. Despois tamén, cando é o Corpus recadamos fondos, que por exemplo en 2019 xuntamos sobre 2.075 euros. Tamén temos a campaña de Nadal na que nos últimos anos xa só pedimos a colaboración económica das industrias do polígono de Melide, na que adoitamos recadar sobre 2.500 euros; e despois cada último domingo de mes a colecta da igrexa é para Cáritas, que o ano pasado xuntou sobre 3.000 euros. Á parte están os donativos que nos van dando, sobre 4.000 euros en 2019; o convenio que firmamos con Cáritas, e algunha que outra subvención como por exemplo a do Concello de Melide.



Recollida de alimentos para Cáritas Melide con motivo da celebración da carreira de San Silvestre que organiza cada Nadal a Asociación Deportiva Cerne (Foto: T.M.)

- Que hai da famosa "casilla da Renta"? Se se marca, de verdade chega algo aquí?
- A.T.: Por suposto que chega. O das casillas chega directamente á diocese, iso é totalmente certo. É como cando foi o donativo de Amancio Ortega; aquí a Melide chegou tamén a parte correspondente, e iso a xente debe sabelo. O mesmo ocorre cando nos din "vós axudades a xente que non o necesita, e na rúa hai xente que si o necesita de verdade". Eu nese caso sempre digo "eu creo que a toda aquela persoa que veu ao local a pedir axuda e que de verdade o necesitaba, axudóuselle, sempre por suposto na medida das nosas posibilidades".

- D.R.: É certo. E outra cousa que nos din moito é que lle damos os cartos á xente de fóra, e iso non é así. Hai que axudar a todos e todas; toda a xente que está empadroada aquí ten dereito a unha axuda; non se lles discrimina pola súa orixe e menos pola súa relixión. Eu creo que o que hai que facer é poñerse na realidade do outro e pensar que se ti te vas cunha man diante e outra detrás da túa terra é porque non tes nada; e nós tamén fomos emigrantes. Que logo hai picaresca? Si, pero aquí e en moitos outros lados.

> "O pago de recibos da luz é un dos servizos máis comúns, e non falamos de cantidades altas"

- Que podemos facer se queremos colaborar con Cáritas. Que é o que máis necesitan?
- D.R.: A ver, recursos sempre van facer falta. Agora mesmo como vimos de varias campañas de Nadal pois temos a despensa chea, pero isto nuns meses esgótase; entón alimentos sempre fan falta porque senón hai que compralos. E en canto a donativos a verdade é que a xente de Melide é moi solidaria con nós; hai moito donativo sexa regularmente ou unha vez o ano.

- A.T.: Pero toda persoa que desexe colaborar pode facer un ingreso económico directamente nas contas que temos en Abanca ou no Banco Pastor; tamén poden vir aquí ao local os días de atención e dar o donativo directamente; e cos alimentos e a roupa tamén poden deixala aquí no local. Temos que dicir que en Melide a xente é moi solidaria, porque a verdade é que sempre estamos encima dos mesmos, e o único que recibimos é colaboración. Iso é de agradecer.

- D.R.: Iso si, ademais dos alimentos hai outra cousa que non se adoita dar tanto e que é igual de necesaria ou máis, que son os produtos de hixiene, cueiros e leite para nenos; toalliñas para bebés; mantas en inverno e cousas semellantes. E despois é necesario recalcar que todo o que se dá debe estar en bo estado. A roupa por exemplo, pode ser de hai moitos anos, pero debe estar sempre limpa e en boas condicións.

- Dispón Cáritas de algún outro servizo?
- A.T.: Servizo propio aquí en Melide non, pero o que si é certo é que estamos moito en contacto con Servizos Sociais, e se hai unha persoa que eles non poden atender puntualmente tratamos de facelo nós. Tamén vén unha traballadora social todos os mércores pola mañá de Cáritas diocesana. E logo, se ben é certo que aquí non dispoñemos de servizo xurídico, ou de atención ao maltrato, en Cáritas Diocesana de Lugo si hai ese tipo de servizos. Así que o que facemos é tramitalo dende aquí. Orientamos ás persoas, informámolas e concertámoslles as citas. E tamén hai bolsas de formación a través das cales algunha persoa xa atopou traballo.

> "Toda aquela persoa que veu ao local a pedir axuda, e que de verdade o necesitaba, axudóuselle"

- Que balance fan de todo este tempo –unha década– en Cáritas e que é o que as motivou a formar parte desta iniciativa?
- A.T.: O balance por suposto é positivo. E logo, eu creo que vai moito coa túa personalidade, que tes esa inquietude, tes tamén unha relación coa parroquia que xa te leva a involucrarte, e despois creo que temos un perfil de xente colaboradora. Non fai falta formación específica, só ganas e relacionarte ben coas persoas.

- D.R.: Eu creo que nos levou a participar nisto o feito de ter un perfil en común, que os voluntarios adoitamos ser persoas crentes, practicantes. O feito tamén de querer ofrecer a túa axuda aos demais dende ese punto de vista. Case, case diría que é a nosa obriga como persoas que acudimos á igrexa, e que somos crentes. Ademais, ao igual que apunta Amparo, o balance non pode ser máis gratificante.

Taller sobre igualdade



O Concello de Melide, a través da súa Concellería de Política Social e Igualdade puxo en marcha no centro social a actividade "Igual a nós". Durante aproximadamente unha hora os maiores participantes tiveron tempo para debater e contemplar unha pequena "perfomance" coa que reflexionar sobre a violencia de xénero, unha iniciativa da Secretaría Xeral da Igualdade ao abeiro dun acordo de colaboración coa FEGAMP que contou co patrocinio do Ministerio de Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade.

A solidariedade do Mestre Pastor Barral



O CEIP Mestre Pastor Barral de Melide recibiu a visita de representantes da asociación ASANOG que quixeron agradecer en persoa a colaboración de 650 euros conseguida pola clase de 5º de Primaria grazas ao seu Mercado de xoguetes e libros e do calendario solidario realizado polos 22 nenos e nenas de 5º curso.

Co I Mercado Solidario de xoguetes e libros e co calendario do pasado mes de decembro, esta clase conseguiu xuntar 1.800 euros que repartiron entre tres entidades solidarias (650 euros a ASANOG, outros 650 á Fundación ANDREA e 500 a ASOTRAME).

Festival MIP en Melide o 28 de marzo



O proxecto de Música Inclusiva e Participativa, que se dirixe a colectivos de diversidade funcional para traballar a súa integración na vida cultural, chegará á casa da cultura de Melide o vindeiro 28 de marzo tendo entre os seus protagonistas aos veciños e veciñas da vila con capacidades diferentes. Será a través dun festival para o que varios veciños e veciñas xa están a prepararse mediante un taller semanal musical impartido por Robert Pier no edificio Multiusos. A maiores dos usuarios e usuarias con diversidade funcional do Concello de Melide tamén se unirán a este espectáculo os integrantes do Centro de Recursos Amarai de Boimorto, a Banda de Música de Arzúa e dúas formacións corais da Coruña.

Nerea Iglesias representará a Galicia no campionato de España de loita olímpica



O pavillón de Teis, en Vigo, acolleu os campionatos galegos de loitas olímpicas en categoría escolar e júnior, nos que participaron todos os clubs galegos coa intención de facerse cunha praza para os campionatos de España. Alí estivo tamén a Escola Ayude de Santiso cun equipo formado por Nerea Iglesias, que ademais de conseguir a primeira praza deulle o subcampionato por equipos ao club de Santiso, polo que representará a Galicia no campionato de España. Pola súa parte, Nahum Ayude tivo que abandonar a competición no segundo combate por unha lesión. Na foto, Nerea Iglesias con José Ramón Lete Lasa, secretario xeral para o Deporte da Xunta.

ENTROIDO NA COMARCA

Melide

O programa de actividades irá **dende o sábado 22 ao martes 25 de febreiro**.

Mayka Basalo, concelleira de Cultura presentou a programación acompañada de Teresa Louzao, representante da Asociación Cultural e Ecoloxista Curuxás da vila, e colectivo encargado de organizar os pasarrúas do Antroido así como a tradicional queima do mesmo.

O sábado 22 de febreiro terá lugar un obradoiro de elaboración de piñatas ao que continuará a música polas rúas de Melide co Antroido acompañado da música do grupo Herba Grileira. Xa na xornada do domingo 23 de febreiro, os más cativos e cativas poderán gozar da súa tradicional festa de Entroido con xogos, baile, música, obradoiros, etc., que terá lugar no pazo de congresos e exposicións da vila. Tamén os maiores participarán ese mesmo día no centro social do baile de Entroido coa música do grupo Remolino.

Xa o luns 24 de febreiro pola mañá está organizado un obradoiro infantil de máscaras tradicionais e pola tarde os máis pequenos e pequenas disfrutarán dun obradoiro de repostaría tradicional de Entroido.

O martes 25 de febreiro, o pazo de congresos e exposicións de Melide albergará o tradicional concurso de disfraces para o que xa está aberto o prazo de inscricións no departamento de Cultura e no que se repartirán 2.650 euros en premios.

Para poñer o broche de ouro ao Entroido de Melide contarase co tradicional pasarrúas do Antroido acompañado do grupo Gaiteiros do País ás 19.30h e a lectura ás 21h da noite do pregón coa posterior queima do Antroido onde os asistentes poderán compartir unha degustación de chocolate e produtos típicos destas datas.

Santiso

O Concello de Santiso celebrará o Entroido **o domingo 16 de febreiro** cunha gran festa de disfraces no pavillón de Arcediago a partir das 17.30 horas. Haberá animación, xogos infantís, inchable e chocolatada para os asistentes.

Sobrado

En Sobrado a festa do Entroido terá lugar **o domingo 23 de febreiro** no mercado municipal da vila a partir das 17.00 horas cun gran festival. Haberá música a cargo da charanga TNT, xogos para os nenos e concurso de disfraces no que se repartirán en diferentes categorías case 800 euros. As inscricións para participar no concurso de disfraces xa poden facerse no propio Concello ou ben o mesmo día do concurso.

Toques

O sábado 22 de febreiro foi o día escollido polo Concello de Toques para celebrar o Entroido. Será a partir das catro da tarde no pavillón de Souto e haberá concurso de disfraces con importantes premios (600 euros en total). A maiores haberá xogos de animación e degustación de produtos típicos.

BREVES

Xuntanza

A asociación Alecrín de Melide organiza o vindeiro domingo 8 de marzo a súa segunda xuntanza de mulleres rurais de Galicia. O prazo para inscribirse estará aberto ata o 4 de marzo e o prezo da actividade é de 20 euros "a pagar no momento de anotarse". En canto ao programa de actividades para a xornada, esta consistirá nunha visita á feira de Melide, recepción de benvida e xantar ás 14.00 horas no palacio de Congresos da vila, entrega de "merecementos" e baile con música en vivo. Máis información no teléfono 699 120 465.

Exposición en Melide

A asociación de Periodistas e Estudosos do Camiño de Santiago organiza unha exposición sobre a representación do Camiño Francés nas postais históricas de hai un século.

A mostra pode visitarse ata o 22 de febreiro na Casa do Concello de Melide.

Charla en Sobrado

O Concello de Sobrado organiza o venres 28 de febreiro unha charla sobre a avespa velutina impartida polo apicultor Manuel Agra. Será a partir das 20.00 horas na Casa do Concello.

MEMORIA DE PEIXE

A palabra ética, procedente da voz grega *ethos*, que significa «modo acostumado de obrar», fai referencia á bondade ou maldade das acción humanas, e tamén á calidade humana das persoas.

A ética non se limita pois ao conxunto de normas negativas -ou prohibicións- que hai que cumprir para evitar o mal, senón que tamén abarca os **comportamentos positivos** en termos de excelencia humana.

O principio xeral e universal no que se basea a ética é: «**fai o ben e evita o mal**».

Fundaméntase en aplicar **valores humanos** amplamente recoñecidos e aceptados, **no respecto ás persoas e aos seus dereitos e na busca do ben común**, así como en aplicar a **regra de ouro** «ponte no seu lugar» para recoñecer como deberiamos tratar aos demais.

Se ademais da ética espontánea, que cada un de nós ten, avanzamos na ética racional, **máis esixente que a propia legalidade**, xa que depuramos factores que nos poden condicionar, como estados de ánimo, desexos e intereses inmediatos, entorno social ou permisividade legal, chegamos á aplicación de principios como **a veracidade, xustiza, prudencia, obxectividade, independencia, coraxe...** Valores éticos, todos eles, que nos conducen á **excelencia e competencia profesional**, e nos van permitir **crear unha reputación, transmitir confianza**, e, por suposto, un **prestixio e recoñecemento público.**

Comezo este escrito falando de ética, porque considero que é o antídoto necesario para aplicar a certos síndromes e comportamentos que se están a dar.

Como membro do executivo municipal de Melide entre os 2007 e 2011, mandato gobernado por unha coalición BNG-PSOE, con Socorro Cea ao fronte da alcaldía, e tendo competencias sobre a área de «Política Económica, Facenda, Turismo e Festas», vou facer un exercicio de memoria dalgunhas das actuacións que se realizaron para **solucionar** as carencias do polígono industrial da Madanela.

Na primavera de 2007, deron comezo as obras da segunda fase do polígono industrial, coa execución dun proxecto de ampliación que volvía a obviar a instalación dunha depuradora.

Unha das primeiras reunións do mandato municipal foi a da alcaldesa Socorro Cea co entonces director xeral de Industria, e coa xerente de Xestur-Coruña, entidade pública, promotora do polígono. No encontro, púxose de manifesto que o Concello de Melide non recibiría a segunda fase se o polígono non se dotaba de depuradora, así como de melloras na subministración eléctrica e na rede de telecomunicacións. Froito desa iniciativa foi a firma, a principios do 2008 --aos poucos meses, polo tanto, de que a coalición municipal BNG-PSdeG botara a andar-- dun convenio coa Consellería de Vivenda e Solo para a instalación dunha depuradora de ciclo biolóxico. O protocolo estaba dotado dun presuposto de 250.000 euros. Conseguiuse, ademais, unha liña de media tensión dende Santa María á Madanela, e a instalación de novas infraestruturas de telecomunicacións por parte da, por aquel entón, Telefónica.

A primeira denuncia por vertidos ante o SEPRONA da que teño coñecemento data do 2008, cando xa estaba firmado o convenio con Vivenda e Solo para instalación da depuradora. Como supervisor por parte do Concello das obras da segunda fase, despraceime ao polígono, xunto co concelleiro de Medio Ambiente (PSOE) e a Policía Local, para acompañar aos axentes dese servizo especializado da Garda Civil no proceso de recollida de mostras, e nas indagacións para intentar localizar a orixe das verteduras. Nos días seguintes, a empresa que se identificou como causante dos mesmos realizou unha nova arrancada da súa depuradora, despois de facer un cambio na flora bacteriana, e de establecer novos tempos de tratamento.

Na seguinte semana, celebrouse unha reunión en Melide na que estivo representada a promotora do polígono --Xestur Coruña--, a empresa que estaba a executar as obras de urbanización da segunda fase -- COPASA--, e eu mesmo, en calidade de concelleiro de Promoción Económica. No encontro , acordouse facer un estudo da vertedura de augas residuais do polígono, así como dos trazados das canalización de augas residuais e pluviais, e das conexións de cada unha das edificacións e instalacións. Ese estudo concluíu, entre outras cuestións, que, por volume e compoñentes das augas, non era axeitado o modelo de depuradora seleccionado, recomendando, en consecuencia, modificar a elección feita.

En base ao contido dese estudo, a alcaldesa Socorro Cea inicia, de novo, as xestións pertinentes e, nun prazo curto, consegue que se cambie o modelo elixido por unha depuradora de triplo proceso, capaz de facer un tratamento correcto das augas residuais do polígono. A súa, finalmente frustrada, consecución instrumentase da seguinte maneira:

1º - Xestur Coruña encargase de facer o proxecto da nova depuradora.

2º - Xestur Coruña acometerá a primeira fase, correspondente á realización da obra civil do proxecto.

3º - O Concello de Melide, unha vez finalizada a primeira fase, acometerá a segunda, relativa á instalación técnica da depuradora de triplo proceso (maquinaria e mecanismos auxiliares).

4º - Para poder acometer esa segunda fase, o Concello firma, en setembro de 2008, un novo convenio, esta vez coa Consellería de Industria, e se incrementa a contía económica ata os 366.044,74 euros. A administración local contrae a obriga de aportar, pola súa banda, a inversión restante ata os 437.000 euros, orzados como necesarios para a instalación.

Unha vez que finalizan, no ano 2009, as obras da segunda fase e Xestur Coruña recibe a obra, comezan a darse os pasos precisos para a instalación da depuradora; isto é, realización do estudio xeotécnico, redacción do proxecto, etc. O Concello, previa solicitude, recibe autorización de Augas de Galicia, e termina a contratación da segunda fase en outubro dese ano. En Xaneiro de 2010, Xestur Coruña contrata a primeira fase, que non pode acometer porque existe unha denuncia do PP de Melide, con Ánxeles Vázquez ao fronte, ante o Xulgado de Arzúa que paraliza as obras.

A data para arrancada e posta en marcha da depuradora estaba prevista para maio do 2010. Pero todos sabemos como continua esta historia: Melide quédase sen depuradora...

En xuño de 2011, Ánxeles Vázquez volve asumir a alcaldía de Melide, e o seu partido, o PP, ten o control de todas as Administracións nalgunhas etapas. Logo, pasa a ser integrante do Goberno da Xunta, e, incluso, asume as competencias de Medio Ambiente. Non chego a comprender, pois, como, en todo este tempo, esta dotación tan necesaria e urxente para Melide, que tantos quebradizos de cabeza nos está dando a todos, e que tanto tempo e enerxías nos consume, non chegou a instalarse. A Xunta ten os medios, os recursos e as capacidades para a solución; falta a vontade das persoas, dos políticos.

Que se pode facer ante esta situación? Apliquemos a ética, «**fai o ben, evita o mal**». Xudicializar a problemática dos vertidos non é a vía; o importante é a **solución**.

Quero rematar expresando publicamente o agradecemento a todos os empresarios, tanto sociedades como traballadores autónomos, que, a pesar de todas as carencias, dificultades e problemas que se lles están a ocasionar, continúan por manter e instalar novas actividades no polígono industrial de Melide.

Antonio Díaz

Concelleiro de Promoción Económica do Concello de Melide no mandato 2007-2011

Corazón de tinta
Alumnado do IES Melide

ESTRELAMPO

Tres semanas sen descanso:
constante, firme, incansable
sobre as rúas
e a través das ventás.
Nos ánimos da xente
entristecendo a rutina,
monótona.

De súpeto, un sinal
un arco de medio punto
coas arquivoltas de cores
que amosa un regueiro de esperanza.

A matriarca abandona a escena
e el convértese no protagonista.
Renacemento
frescura
vitalidade
baixo o friso azulado e liso
do pórtico da vella.

Ana Prieto Rodríguez

HELÍADA
(Oda ao Folicheiro)

Chega a hora e o sol
escóndese por onde acostuma
unha hora antes
que antes
ou iso cremos
porque o mastro
faise mestre
e conta con voz tenue
a realidade de Cronos.
Aínda así
sempre hai un Apolo
que atura coa cabeza baixa
as aldraxes de Tánatos
polo que un
non pode
ser testemuña
da beleza
agora oculta.

Vicente Parrado Villasante

O Cerne de hai 15 anos



Faite oír coa nosa voz

Cerne

Terra de Melide

A.S.E.T.E.M. Asociación de Empresarios Terra de Melide

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº 3. 15 de febreiro -15 de marzo de 2005. Distribución gratuíta.

O PXOM de Toques ten un total de 201 alegacións

Particulares e grupos presentaron alegacións ao Plan Xeral de Ordenación Municipal toquense.
Os partidos da oposición, así como o BNG comarcal e algunhas asociacións achegaron as súas propostas para mellorar o Plan. A adaptación á nova lei urbanística e a inclusión do Camiño Primitivo de Santiago no texto son algunhas das alegacións máis recorrentes.
Pax. 14

UXT denuncia a Celta Prix e anuncia folga de lixo

Os representantes da empresa concesionaria do servizo de recollida de lixo negáronse a negociar cos traballadores no acto de conciliación do 11 de febreiro. Por isto, o sindicato representante dos empregados, UXT, trasladou a denuncia á empresa Celta Prix ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Acúsana de incumplir o convenio acordado entre as partes o pasado día 8 de decembro despois de 18 días de folga.
Se a situación non cambia, UXT anuncia nova folga para finais deste mes.
Pax. 11

Condiciona o paso polo LIC a que o Estado o considere de "interese xeral" para Galicia

O documento preliminar do PORN sinala a posibilidade de que a autovía atravese a Serra do Careón

O agardado Plan de Ordenación de Recursos Naturais da Serra do Careón (PORN) xa ten un documento preliminar. A falta das alegacións pertinentes que poderán presentar os concellos afectados por este estudo, o texto deixa aberta a posibilidade de construir infraestructuras que atravesen o LIC sempre e cando sexan declaradas de "interese xeral" para a Comunidade Autónoma de Galicia e polo Estado. Pax. 5

Desde a Serra do Careón pódese ver a vila de Melide e tamén o seu polígono industrial

O trazado da Plataforma consegue apoios na comarca

A Plataforma "Autovía por Melide" está a realizar durante estes días unha rolda de contactos entre colectivos sociais da comarca na busca de apoios á súa proposta de trazado, presentada hai un mes na Demarcación de Carreteras do Estado.
Os alcaldes de Toques e Santiso e diversas asociacións de Melide xa amosaron á súa conformidade co proxecto deste colectivo.
Pax. 4

O pasado mes de decembro Cerne cumpriu 15 anos e co obxectivo de conmemoralo e facer un percorrido polas novas máis destacadas da patronal, de Melide e da comarca inauguramos esta pequena sección onde estamos a compartir as portadas de cada número. A seguinte: ***Febreiro de 2005. Nº3***

O café en vea
As unllas ata a raíz
Escuridade absoluta
un recuncho asfixiante
As feridas nos beizos
O corazón a latexar desbocado
e a miopía en aumento

María Fuciños Corral

MANUEL VARELA E ESTHER COSTOYA, TRASPOME - MUEBLES PAULA

"A confianza do mercado non se compra con publicidade, gánase con feitos, co teu traballo"

Manuel Varela e Esther Costoya fundaron o seu negocio no ano 1985 en Melide; un negocio dedicado inicialmente á transformación de espumas. O paso dos anos, e unha ampla inversión en maquinaria de última tecnoloxía, derivou na fabricación da súa propia marca de colchóns, a venda dos mesmos e tamén na apertura dunha tenda de mobles. Hoxe en día, a seguinte xeración, Alberto e Paula Varela, toman o relevo para continuar ao fronte de Traspome e Mobles Paula baixo a única premisa de seguir ofrecendo "calidade e confianza" por encima de todo.

- Como xurdiu Traspome?
- Manuel Varela (M.V.): Esther e máis eu viñémonos de Barcelona, onde eu xa traballaba no sector, coñecía o transformado, por iso decidimos iniciar o negocio en Melide dende cero. Comezamos co negocio nun baixo na rúa do Folicheiro, no ano 1985. O negocio era só de transformado de espuma para fábrica de tresillos, sillas, colchóns e similares. Logo as cousas foron indo ben e como o baixo non chegaba para almacén, porque o que manexabamos nós era un produto voluminoso, decidimos facer a nave na que estamos hoxe en día. Ten en conta que nalgún momento chegamos a ter tres baixos alugados, así que optamos por unificar todo nunha mesma nave.



Manuel, Esther, Paula e Alberto (arriba), xunto a todo o persoal de Traspome e Muebles Paula (abaixo)



- Que é exactamente o transformado?
- M.V.: A nós chégannos os bloques de espuma e, mediante unha plantilla, preparamos esa espuma para o fabricante de tresillos, sillas, ou o que sexa. De feito de aí vén o nome de Traspome, "Transformado de Poliuretano de Melide", esa é a nosa orixe.

- Foron medrando e trasladáronse ao polígono. En que ano foi iso?
- M.V.: No ano 1989. De feito fomos unha das primeiras empresas en instalarnos aquí na zona da Madanela; incluso antes de que houbese o polígono industrial. Queriamos instalarnos cerca de Melide e ao lado dunha estrada xeral. Unha vez na nave foi cando comezamos co tema da fabricación de colchóns, e ao abrir mercado no ámbito dos colchóns fomos medrando cada vez máis e a día de hoxe vendemos colchóns en toda Galicia e tamén nalgúns puntos de España.

- Teñen tamén tenda de mobles. En que momento se decidiron a dar ese paso?
- M.V.: Construímos outra nave a mediados dos anos 90 e foi aí cando comezamos co tema dos mobles, pero comezamos case sen querelo. O caso é que cando aínda vendiamos colchóns de espuma tiñamos un representante comercial que tamén se dedicaba á venda de taquillóns, pero moitas veces queixábase de que tiña que esperar a que llos subministrase a fábrica para vendelos, e que el así vendía menos do que desexaba. Falando con el propúxonos que tivésemos nós aquí no almacén os taquillóns para así poder vendelos con máis rapidez. Ese foi o inicio. A partir dese momento nós traiamos os taquillóns, tiñámolos almacenados na nave e el vendíaos ás tendas correspondentes, porque daquela só vendiamos mobles a tendas, non a particulares. Botamos anos así, ata que co paso do tempo fomos vendendo algunha cousa máis, como por exemplo un dormitorio, algún moble, e finalmente, porque a xente tamén nos preguntaba se vendiamos a particulares, apostamos entón por abrir a tenda de mobles que hoxe en día si vende ao público.

- Botando a vista atrás, que balance fan?
- M.V.: O balance é positivo. Como é lóxico houbo un baixón coa crise do ano 2010 máis ou menos, pero que nós empregamos para reactivarnos en vez de quedarnos quietos. Foi precisamente no peor momento cando decidimos facer unha gran inversión en maquinaria e tecnoloxía para poñernos ao día e pasar a fabricar nós mesmos aquí os colchóns. De aí que a día de hoxe fagamos o proceso completo.

- Alberto Varela (A.V.): Diriamos que somos pequenos pero que estamos actualizados. Como di meu pai, a partir do momento no que fixemos a inversión, sobre o 2009-2010, foi cando máis nos centramos tamén, a pesar de que sempre intentamos coidar o noso nome, en defender produtos coa nosa marca, porque sabemos que sempre foron produtos de calidade. E aínda que a marca Traspome non sexa ao mellor unha marca moi coñecida polo público final, nós o que si intentamos defender é que dentro do noso sector sexa unha marca asociada a un produto de calidade e ás cousas ben feitas. De feito nós non comercializamos outros nomes, só xogamos co prestixio da nosa propia marca.

- Entón, actualmente que servizos prestan?
- M.V.: Realizamos a transformación de espuma para as fábricas; elaboramos os nosos propios colchóns, que tanto vendemos a particulares como a outras tendas; e logo na tenda, ademais de vender a nosa propia marca de colchóns, tamén vendemos mobles, que por suposto se levan a domicilio e tamén se montan, pois para iso temos montadores profesionais.

- A canta xente empregan a día de hoxe?
- M.V.: Comezamos Esther e eu con un empregado, que ademais continúa a día de hoxe con nós, e na actualidade somos 12 persoas.

- Como cambiou o sector ao longo dos anos, que é o que máis se demanda hoxe en día?
- M.V.: Hoxe por exemplo en canto a moble véndese máis o moble chapeado, o moble laminado, non os dormitorios de caoba, de nogueira ou de castaño típicos de antes.

- Paula Varela (P.V.): Aínda así, queda un pequeno sector de público ao que lle gustan os mobles de antes, non é a maioría, pero hai mercado para eles. E logo dentro da liña moderna hai de todo, porque os fabricantes foron cambiando. Antes a melamina asociábase a un moble cativo, baratiño; e hoxe non, hoxe hai fabricantes que coidan moito eses detalles e producen bos mobles aínda que sexan de melamina.

- A.V.: E cos colchóns pasa igual, as técnicas e os materiais evolucionaron moitísimo. A xente demanda calidade, e se ti traballas unha espuma boa, ese colchón será bo, e se ti traballas unha viscoelástica boa, ese colchón non se vai a fundir. Outra cousa é que haxa pouca profesionalidade nalgúns casos, e co obxectivo de vender máis barato lle acaben rebaixando á calidade. Pero iso á larga nunca compensa.

- Por que dirían que se distingue o seu negocio?
- P.V.: Eu diría que pola calidade e pola atención ao público principalmente. Esa confianza que lle damos aos clientes de que pase o que pase, se chaman aquí saben que vai haber solución. Creo que a xente sabe que esa confianza non hai cartos que a paguen.

- A.V.: A confianza do mercado non se compra con publicidade, gánala con feitos, coa maneira que teñas de actuar e demostrándoa co teu traballo. Conseguindo vendas e demostrándolle á xente que pode confiar en ti.

- M.V.: E outra cousa moi importante é o feito de ter xente profesional traballando contigo. Iso é máis que necesario. No noso caso por exemplo, a maior parte dos traballadores están connosco dende que entraron a traballar.


- Cal é o segredo para manter un negocio en pé durante 35 anos?
- A.V.: Eu lévolle oíndo a meu pai o mesmo toda a vida: traballar e vender, cobrar o que se vende, e saber administrar o que cobraches; ou o que é o mesmo: venda, posvenda e administración. Esas son as tres regras, e logo por suposto, sentido común e coñecer o sector no que te moves.

Traspome
(981 50 57 34)
Muebles Paula
(981 50 57 59)
Ctra. de Lugo, Km. 46
MADANELA (Melide)

Campaña
Revisión Auditiva 2020
GRATIS

Instituto de la Sordera

Volver a oír bien, es una decisión que cambiará su vida.



- **AUDÍFONOS PRIMERAS MARCAS**
- **Ajuste de sus audífonos** personalizados.
- **Revisión y seguimiento** de sus ayudas auditivas.
- **Mantenimiento y reparación** de sus audífonos.
- **3 años de garantía.**
- **Pilas gratis*** para sus audífonos.
- **Financiación a medida** para la compra de sus audífonos.
- **Ayudas técnicas** para TV y Telefonía.
- **Protección auditiva** contra el agua y ruido.
- **Productos de limpieza** y accesorios para sus audífonos.

*Según modelo y durante el 1º año.

Compromiso de satisfacción total,
si no queda satisfecho le devolvemos su dinero.

Ven a probar la última tecnología y olvidate de las pilas!



AUDÍFONOS RECARGABLES
Sencillos, automáticos,estéticos

PHONAK
life is on A Sonova brand



Revisión Auditiva Gratuita
Garantía de Prestación Sanitaria
Establecimiento Sanitario Autorizado por la Xunta de Galicia nº E-15-001359

Pida su cita al T. 648 754 761
Ronda de la Coruña 34. **MELIDE**

